RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO DE 2014

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/14, do 12 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.448 á nº 18.770 de 2014.

3.-Proposición sobre designación de membro do Padroado da Fundación Galicia Obra Social.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

4.-Aprobación provisional da primeira relación de obras incluídas na segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, correspondente aos concellos de Cambre, Outes e Vedra.

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

5.-Aprobación do convenio co Concello de Culleredo para financiar a reserva de vinte prazas do Centro ocupacional "A Escada", ano 2014.

6.-Aprobación do convenio coa entidade ASPROMOR (*Asociación pro-minusválidos do Ortega*l) para financiar a construción dunha residencia para persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas (3ª e última fase).

7.-Aprobación do convenio coa *Asociación de lucha contra enfermedades del riñón de A Coruña (ALCER)* para o financiamento de "Bule con Alcer 2014". Programa de exercicios físicos e psicosociais para persoas con enfermidades crónicas e familiares.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar un ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar actividades de promoción da ópera no ano 2014: LXI Festival de Ópera da Coruña.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2014.

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda para financiar o proxecto de recuperación, análise e divulgación da toponimia menor da Coruña e da súa comarca.

12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o programa de actividades do ano 2014.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar o inventario dos arquivos parroquiais ano 2014.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Sportis. Formación deportiva para financiar a realización do IV Congreso mundial do deporte en idade escolar: Seminario Nacional de Escolas Deportivas, Educación Física e Psicomotricidade.

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para financiar a fase de ascenso liga feminina 2.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para financiar actuacións na igrexa de Santa María e convento do Rosario de San Sadurniño.

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automovilística del Ferrol para financiar a realización do 45º Rallye Automovilístico de Ferrol.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hockey Club Liceo de La Coruña para financiar a realización de actividades deportivas no ano 2014.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Clube Patín Cerceda para financiar o mantemento da estrutura do clube para a realización de actividades deportivas 2014.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Comunidade Veciñal de Montes en Man Común da Parroquia de Olveira para financiar o proxecto de ampliación da Casa da Cultura de Olveira.

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar a XXIV Mostra de Encaixe.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia (ASCEGA) para financiar o proxecto "Emprender, Aprender e Disfrutar".

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios e Profesionais Compostela Monumental para financiar a Dinamización Comercial 2014.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Enfermería da Coruña para financiar obras de reforma de local para oficina.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Deportivo Equiocio para financiar o proxecto "XVII Salón do cabalo. Equiocio 2014".

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Residencia Santiago Apóstol de Río de Janeiro – Brasil, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento no 2014.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD Ecodesarrollo Gaia, para o financiamento do proxecto "Mantemento da escola Coruña, de Yoff-Tonghor (Senegal), durante o 2014.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

29.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cariño para financiar as obras de pavimentación, abastecemento e saneamento na rúa do Campo (2ª fase).

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Paderne para financiar o mantemento e reparación do local social de Vigo, da biblioteca municipal e locais de uso veciñal.

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (UDC) para o cofinanciamento do mestrado en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea 2013-2014.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

32.-Aprobación do expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao Concello de Arteixo.

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para o financiamento das obras de "Mellora de viais en varios puntos do Concello de Camariñas".

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento das obras de "Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa".

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento das obras de "Reforma e ampliación da piscina municipal de Perillo".

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas para o financiamento das obras de “Execución de senda peonil no acceso ao polígono (AC-110-Poelle)”.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Somozas para o financiamento das obras de “Iluminación pública dende AC-110 a acceso ao polígono e outros”.

38.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Pavimentación de travesías das casas de Area e das rúas do Pilar, Horacio Fernández e Doutor Carreño”, do Concello de Cariño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0188.0.

39.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acondicionamento do camiño de Pando, parroquia de Torea” do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0108.0 e aprobación definitiva da obra.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

40.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/08/2014 e proxección a 31/12/2014.

41.-Aceptación da delegación de competencias tributarias do Concello de Ordes.

42.-Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 5/2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

-Moción do Grupo do Bloque Nacionalista na Deputación da Coruña sobre a ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro.

ROGOS E PREGUNTAS

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 8/14, DO 12 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/14, do 12 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 17.448 Á Nº 18.770 DE 2014.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.448 á nº 18.770, de 2014.

3.-PROPOSICIÓN SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBRO DO PADROADO DA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL.

Don Diego CALVO POUSO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

A Conselleira de Facenda da Xunta de Galicia dirixiuse a esta Deputación informando que foron inscritos no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (sección de Consellería de Facenda) os novos Estatutos da Fundación Galicia Obra Social, herdeira da obra social das antigas caixas de aforro galegas e que quedou baixo o protectorado desa Consellería. Prega, asemade, que a Deputación da Coruña designe un membro do padroado da devandita fundación, consonte coas previsións dos seus estatutos.

En consecuencia, visto o artigo 13 dos Estatutos da Fundación Galicia Obra Social que sinala as prohibicións para formar parte do padroado e o artigo 14.1 que determina os requisitos positivos que deben concorrer nas persoas físicas designadas e entendendo que don Ramón Sestayo Lestón ten acreditados coñecementos e experiencia suficientes nas materias que son obxecto da actividade da Fundación sen que estea incurso en ningunha das prohibicións previstas nos Estatutos e que, polo tanto, resulta ser persoa idónea para formar parte do padroado,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

> "Designar a don Ramón Sestayo Lestón como membro do padroado da Fundación Galicia Obra Social, consonte a facultade atribuída a esta Deputación Provincial da Coruña polo artigo 14.1 dos Estatutos da devandita Fundación"

4.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA PRIMEIRA RELACIÓN DE OBRAS INCLUÍDAS NA SEGUNDA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014, CORRESPONDENTE AOS CONCELLOS DE CAMBRE, OUTES E VEDRA.

Visto o expediente da segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, aprobado inicialmente polo acordo plenario da deputación do 30 de xullo de 2014, no marco das "*Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015*", que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia nº 217 do 14 de novembro de 2012

Vista a documentación presentada dentro do prazo establecido polos concellos de Cambre, Outes e Vedra, relativa á dispoñibilidade dos terreos e a aprobación do proxecto, de conformidade coas bases e compromiso de aceptación da entrega das obras

1.- Aprobar provisionalmente a primeira relación de obras incluídas na segunda fase del Plan de travesías da anualidade 2014, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	**DENOMINACIÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO**
14.1130.0002.0	Mellora sg. vial DP1702 Sigrás PK 1+870 - PK 2+270 Sigrás	Cambre	79.400,07
14.1130.0004.0	Hum. trav DP 5602 Negreira - Pte. Nafonso PK 22,84-23,48	Outes	213.606,77
14.1130.0005.0	Mell. seg vial DP 8203 Quintáns-Paradela PK 6,83-8,15	Vedra	127.661,01

O financiamento destas obras incluídas no plan realizarase con cargo á partida 0410/453C/60900 do vixente presuposto provincial.

2.-Expoñer ao público a aprobación provisional da primeira relación de obras incluídas na segunda fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada polos proxectos dos concellos de Cambre,Outes e Vedra, polo prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobada se non houbera reclamacións a estes."

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR A RESERVA DE VINTE PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA", ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 27 de agosto de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración co Concello de Culleredo para financiar a reserva de vinte prazas do Centro Ocupacional "A Escada", ano 2014.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O FINANCIAMENTO DA RESERVA DE PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" ANO 2014**

A Coruña, ____ de_____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e

D. Julio Sacristán de Diego, alcalde presidente do Concello de Culleredo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Que é competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.
Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.
Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta

Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.
Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual.
Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo, CIF P1503100H, para o financiamento da reserva de vinte prazas no Centro Ocupacional "A Escada", cinco (financiadas ao 100%) para persoas usuarias procedentes dos diferentes concellos da área metropolitana da Coruña: Oleiros, Sada, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Carral, Cambre, Arteixo e A Coruña; e quince (financiadas ó 40%) para persoas usuarias procedentes do Concello de Culleredo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Culleredo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		**IMPORTE**
Gastos de persoal	Pedagoga	45.645,44 €
	Monitora taller	26.069,00 €
	Auxiliar administrativa	3.289,79 €
	Conserxe	1.735,18 €
	Xefa Sección Atención especializada	9.572,06 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mmto.calefacción, contedores hixiénicos, extintores, fontanería,.	2.400,00 €
Subministracións	Obradoiro de artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz	700,00 €

CONCEPTO		IMPORTE
Transporte		13.000,00 €
Seguros		650,00 €
Gastos diversos	Gastos banco,..	175,00 €
Traballos realizados por outras empresas	- Obradoiro físico-deportivo - Obradoiro de artesanía - Obradoiro de habelencias sociais - Asesoría afectivo sexual pais fillos	22.430,00 €
	Axudas de custe	80,00€
TOTAL GASTOS		125.746,47 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 69.160,52 €, o que representa unha porcentaxe de 55%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Culleredo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/232A/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Culleredo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1.Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Culleredo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56º das de execución do orzamento para o ano 2014 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Culleredo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Culleredo estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, que realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014**.

2. Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 30 de xullo de 2015.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Culleredo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do

presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015,** todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Culleredo non poida ter rematadas as **ACTIVIDADES** e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada , co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Culleredo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Culleredo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día
_____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA ENTIDADE ASPROMOR (*ASOCIACIÓN PRO-MINUSVÁLIDOS DO ORTEGA*L) PARA FINANCIAR A CONSTRUCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL GRAVEMENTE AFECTADAS (3ª E ÚLTIMA FASE).

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 5 de setembro de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración coa entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) para financiar a construción dunha Residencia para persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas (3ª e última fase).

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASPROMOR (ASOCIACIÓN PRO-MINUSVÁLIDOS DE ORTEGAL) PARA COFINANCIAR A CONSTRUCIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL GRAVEMENTE AFECTADAS (3ª E ÚLTIMA FASE).**
A Coruña,

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Fernando Nieto Cortijo, presidente de ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de

Ortegal), (CIF G15072077), para cofinanciar a construción dunha residencia de persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas (3ª e última fase).

2- A entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal), na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do Sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor arquitecto D. Francisco Iglesias Miño, colexiado número 312 e susceptible de aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

A. O presuposto da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Albanelería	28.610,76 €
02	Illamentos e impermeabilizacións	1.902,83 €
03	Pavimentos, revestimentos e falsos teitos	33.331,63 €
04	Carpintería interior	23.629,46 €
05	Fontanería e aparatos sanitarios	20.273,46 €
06	Alumeado	8.239,28 €
07	Electricidade	15.535,47 €
08	Chan radiante	17.650,13 €
09	Contraincendios	856,78 €
10	Pinturas	4.488,16 €
11	Varios	6.952,51 €
12	Control de calidade e ensaios	5.148,50 €
13	Ventilación	2.605,03 €
14	Seguridade e saúde	6.147,00 €

15	Xestión de residuos	5.800,00 €
	Total execución material	181.171,00 €
	13% Gastos xerais	23.552,23 €
	6% Beneficio industrial	10.870,26 €
	IVE 21%	45.274,63 €
	TOTAL PRESUPOSTO	**260.868,12 €**

B) O importe do orzamento total de execución por contrata, presentado pola empresa contratista Construcciones Mon, S.L. detállase do seguinte xeito:

Nº CAPÍTULO	DESCRICIÓN	IMPORTE
01	Albanelería	30.967,92 €
02	Illamentos e impermeabilizacións	2.702,78 €
03	Pavimentos, revestimentos e falsos teitos	33.999,96 €
04	Carpintería interior	23.981,62 €
05	Fontanería e aparatos sanitarios	21.232,30 €
06	Alumeado	8.356,95 €
07	Electricidade	24.696,75 €
08	Chan radiante-xeración de calor	26.424,47 €
09	Contraincendios	882,80 €
10	Pinturas	5.731,44 €
11	Varios	6.812,00 €
12	Control de calidade e ensaios	4.356,92 €
13	Ventilación	2.659,57 €
14	Seguridade e saúde	5.200,00 €
15	Xestión de residuos	6.838,00 €
	Total execución material	204.843,48 €
	IVE 10% (Obra civil)	20.484,35 €
	TOTAL PRESUPOSTO	**225.327,83 €**

C) Para os efectos do importe do orzamento subvencionado, tomarase en consideración a cantidade de **225.327,83 euros** (IVE incluído) que é o orzamento máis vantaxoso, elixido pola entidade, dos presentados polas empresas contratistas.
Non obstante na xustificación deberá acreditarse que se realizaron todas as unidades e obra, previstas no proxecto técnico.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **68.847,48 €**, o que representa unha porcentaxe de **30,554%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 30,554%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231E/781**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na

cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas **antes do 30 de xuño de 2015**.

2. Unha vez rematadas as obras, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, **antes do 30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o **día 1 de xaneiro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 30 de setembro de 2015**, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Para o caso de que a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do **día 30 de xullo de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de Obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos de Ortegal) perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA *ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER)* PARA O FINANCIAMENTO DE "BULE CON ALCER 2014". PROGRAMA DE EXERCICIOS FÍSICOS E PSICOSOCIAIS PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 18 de setembro de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración coa Asociación de Lucha contra Enfermedades del riñón de A Coruña (ALCER) para o financiamento de "Bule con ALCER 2014" – Programa de exercicios físicos e psicosociais para persoas con enfermidades crónicas e familiares.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) PARA O FINANCIAMENTO DE "BULE CON ALCER 2014". PROGRAMA DE EXERCICIOS FÍSICOS E PSICOSOCIAIS PARA PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E FAMILIARES.**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña,

D. Diego Calvo Pose, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. Rafael Ramón Rodríguez Martínez, presidente da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) ten como fins a atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e social das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptibles de transplante, así como a execución de actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e a atención socio-sanitaria do colectivo. Esta asociación desenvolve as súas actividades no ámbito da provincia da Coruña.

É competente a Deputación, para o previsto no convenio, conforme á Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36, e a de Admón. local de Galicia, 5/97, art. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración.

A Deputación ten competencia para colaborar no financiamento de actividades no ámbito socio-sanitario consistentes en aumentar a autonomía, paliar as limitacións ou sufrimentos e facilitar a inserción social de enfermos crónicos (Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia), sempre que os ditos servizos os presten entidades de iniciativa social, (sen ánimo de lucro), como é o caso da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), e suplindo ou completando as competencias das administracións públicas. Neste caso consta a colaboración expresa de varios concellos que fan unha colaboración económica para o resto da cofinanciamento do programa.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 62 e 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social, e a Deputación é competente para dar apoio aos concellos nas prestacións dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade posto que do servizo poderanse beneficiar usuarios/as procedentes e derivados/as dos Concellos de Ferrol, A Coruña, Boiro, Melide, Consorcio As Mariñas (Arteixo e Culleredo), Ortigueira e Santiago de Compostela.

Dado o interese coincidente da Deputación e da entidade, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), CIF G15058647, para o financiamento de "Bule con Alcer 2014", programa de exercicios físicos e psicosociais para persoas con enfermidades crónicas e familiares, para promover a actividade física e a interacción social para persoas con enfermidade crónica, á espera de transplantes, transplantadas é aos seus familiares.

O ámbito territorial é a provincia da Coruña e o programa xa se desenvolve en oito zonas: Ferrol, A Coruña, Boiro, Melide, Consorcio das Mariñas (Arteixo e Culleredo), Santiago de Compostela e Ortigueira. Para este ano aumentarase o programa en Ares/Mugardos (de forma mancomunada), Cee/Corcubión/Fisterra (de forma mancomunada) e San Sadurniño, abranguendo así unha importante área territorial en toda a provincia.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER)

ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	**UNIDADES**	**IMPORTE**
I. Persoal	1.1 Servizos Alcer (técnico psicosocial) 1.2.Servizos Alcer (coordinación e xestión) 1.3.Técnico Sup. Actividades físico-deportivas 1.4. Monitores actividades físico-deportivas	6.916,56 € 9.219,60 € 7.075,99 € 14.816,00 €
II. Outros	2.1.Comunicacións (teléfono, envíos postais, mensaxería, etc.) 2.2. Dietas e desprazamentos de técnicos e monitores 2.3. Gastos xestión 2.4. Material de difusión	4.000,00 € 5.471,85 € 500,00 € 2.000,00 €
TOTAL: (IVE incluído)		50.000,00 €

III.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.-A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **72%.** No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) . Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa…), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. A entidade xustificará que tomara acordo de incluír na súa memoria anual a axuda da Deputación e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos/as usuarios/as atendidos por concello e actividade, e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os/as acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, **realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro do 2014**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) deberá presentar a xustificación documental antes do **31 de maio de 2015.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, póidalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e

logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo de 2015**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2. Logo da solicitude previa da ASOCIACIÓN DE LUCHA CONTRA ENFERMEDADES DEL RIÑÓN DE A CORUÑA (ALCER), realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día de de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL MÚSICA SINFÓNICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA FINANCIAR UN CICLO DE CONCERTOS DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE NO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17/09/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago correspondente á subvención nominativa, por importe de 52.000 €, concedida para financiar un *Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 70.700 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para financiar un *Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014.***

Na Coruña, o

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Fernando Vázquez Arias, Presidente da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que con data do 26 de outubro de 2005 e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, foron aprobados os estatutos da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é a contribución ao desenvolvemento global da comunidade, tanto no eido da cultura, como nos aspectos sociais, que axuden a conseguir a mellora na vida da comunidade, mediante a organización de todo tipo de actividades que abarquen os ámbitos culturais, entre outros.

Entre estas actividades está a Orquestra Sinfónica de Melide, da que é titular a Asociación.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.
3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide co obxectivo de achegar a música clásica ás pequenas poboacións, promover grandes montaxes, apoiar os artistas autóctonos e estimular a produción feita en Galicia.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago (NIF: G70010699) para financiar un ***Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014*** para a realización de tres concertos nos auditorios da provincia da Coruña.

Neste ciclo ofertaranse catro programas que poderán escollelos os concellos:

"*Música Sinfónica": un programa dedicado á musica sinfónica galega e universal.*

"*Sinfónico-Latino": unha idea nova de gran elenco na que participarán conxuntamente orquestra sinfónica, coros, solistas vocais, ballet, grupos instrumentais etc..., nun percorrido polas pezas mais emblemáticas da música latina instrumentada, para dita ocasión, por músicos galegos. Neste espectáculo "Sinfónico-latino" necesitarase para a súa realización e posta en escena equipos de luz e son aí como distintos técnicos e un equipo de produción.*

"*Música de Cámara": programa dedicado á música de cámara creada en Galicia.*

"*Concerto dos solistas Galegos": é unha aposta decidida pola música feita en Galicia dando oportunidade de participar a solistas instrumentais da nosa comunidade.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de artistas	30.000,00
Aluguer de instr. eléctricos	5.500,00

Aluguer de tarimas	7.000,00
Aluguer equipo de son	8.000,00
Aluguer atrís, cadeiras etc...	1.700,00
Gastos de iluminación	6.000,00
Gastos de desprazamento	2.500,00
Aluguer de material de percusión	2.000,00
Publicidade	1.300,00
Servizo de restauración	1.500,00
Material de oficina	600,00
Copias de partituras	1.000,00
Pagos de dereitos de autor	400,00
Responsabilidade civil concertos	600,00
Fotocopias e encadernacións	600,00
Gravación vídeo e audio para promoción en internet	2.000,00
Total	***70.700,00***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **52.000,00€,** o que representa unha porcentaxe do **73,55%.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73,55% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente

co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o *Ciclo de Concertos da Orquestra Sinfónica de Melide no ano 2014.*

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a

finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade motivará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015**, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DA ÓPERA PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ÓPERA NO ANO 2014: LXI FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/09/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 52.000 €, concedida para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2014: LXI Festival de Ópera da Coruña,* cun orzamento subvencionado de 326.700 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2014: LXI Festival de Ópera da Coruña.***
Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e
Dna. Natalia Lamas Vázquez, Presidenta da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- Que, o día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos "Amigos da Ópera da Coruña", asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.
2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.
3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio do LXII Festival de Ópera que se celebrará na cidade da Coruña, neste ano e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.
4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar ***Actividades de promoción da ópera no ano 2014: LXII Festival de Ópera da Coruña*** que terá lugar no mes de setembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas.-

* *La Traviata,* de Giuseppe Verdi: 4 e 6 de setembro

Concertos.-

* *As novas voces galegas":* 5 de setembro
* *Gala Lírica.Homenaxe a Richard Strauss:* 13 de setembro
* *¡Viva la zarzuela!. Concerto lírico:* 19 de setembro

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña

A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salarios persoal administrativo	1.000.-
Producións	220.700.-
Cachets artistas	100.000.-
Promoción e publicidade	1.000.-
Dereitos de autor e aluguer partituras	4.000.-
Total	**326.700 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **52.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 15,917 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 15,917 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da

subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do *LXII Festival de Ópera da Coruña*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia

sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades incluídas no *LXII Festival de Ópera da Coruña*.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN 10 DE MARZO PARA FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO. ANUALIDADE 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15/09/2014.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación 10 de Marzo correspondente á subvención nominativa, por importe de 9.238,75 €, concedida para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2014*, cun orzamento subvencionado de 11.550,29 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para financiar o *Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2014.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local.

Dna. Adela Poisa Baños, Secretaria da Fundación 10 de Marzo, en nome e representación desta.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que desempeñan,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

3.- A Fundación 10 de Marzo estima necesario facer da cultura e a investigación un instrumento ao servizo da clase traballadora e do conxunto da sociedade, para lograr unha sociedade máis xusta e equitativa.

4.- A Fundación 10 de Marzo é a depositaria do arquivo histórico e documental do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

5.- A Fundación 10 de Marzo está a desenvolver un proxecto con obxectivos como o de recuperación da documentación sobre os movementos sociais da Coruña que existe en mans particulares ou de institucións; a recuperación e catalogación das publicacións sobre o mesmo tema; a difusión pública dos seus fondos, a través tanto da investigación, como da publicación de estudos, conferencias, cursos de formación, produción de exposicións, etc.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo (CIF: G15338080) para financiar o ***Proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico. Anualidade 2014: 1ª fase de organización, clasificación e catalogación da colección fotográfica do Arquivo histórico e 1ª fase da restauración do fondo documental de José Pasín Romero.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación 10 de Marzo desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salarios persoal de arquivo	6.400,00.-
Seguridade Social persoal de arquivo	2.748,44.-
Restauración de documentos	2.401,85.-
Total	***11.550,29 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **9.238,75 €,** o que representa unha porcentaxe do **79,987 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,987 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación 10 de Marzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación 10 de Marzo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación 10 de Marzo, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación 10 de Marzo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación 10 de Marzo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación 10 de Marzo, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación 10 de Marzo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación 10 de Marzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**
3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se

teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación 10 de Marzo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación 10 de Marzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación 10 de Marzo na documentación achegada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación 10 de Marzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación 10 de Marzo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación 10 de Marzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación 10 de Marzo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación 10 de Marzo poderá escollela a

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación 10 de Marzo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación 10 de Marzo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa

exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación 10 de Marzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Fundación 10 de Marzo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL DA CORUÑA ALEXANDRE BÓVEDA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE RECUPERACIÓN, ANÁLISE E DIVULGACIÓN DA TOPONIMIA MENOR DA CORUÑA E DA SÚA COMARCA.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 08/09/2014

Así mesmo, exceptuar a limitación establecida na base 50ª.-5, polo que se refire á porcentaxe de financiamento da actividade, que no presente expediente fíxase no 100% dos gastos.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda (NIF: 15036981) correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o proxecto *Recuperación, análise e divulgación da toponimia menor da Coruña e da súa comarca, c*un orzamento subvencionado de 20.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos, de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais; así como a limitación .

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda para financiar o proxecto *Recuperación, análise e divulgación da toponimia menor da Coruña e da súa comarca.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Don Xosé Manuel Sánchez Rei, Presidente da Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego.

2.- A Asociación Cultural Alexandre Bóveda fundouse na cidade da Coruña o día 17 de agosto de 1976, como unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin, de acordo cos seus estatutos, *"promover, espallar e potenciar a lingua e a cultura galegas, en todas as súas manifestacións, así como o pensamento e a figura de Alexandre Bóveda".*

A Asociación, dentro das actividades dirixidas á divulgación, dinamización e dignificación da cultura galega, está a realizar un proxecto que permita analizar e dar a coñecer á cidadanía, a riqueza toponímica que se acha na comarca e cidade da Coruña.

3 - A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda coinciden en valorar positivamente esta liña de investigación polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda (NIF: 15036981) para financiar o proxecto ***Recuperación, análise e divulgación da toponimia menor da Coruña e da súa comarca,*** que inclúe as seguintes actividades:

* Publicidade das actividades.
* Ciclo de conferencias: A comarca da Coruña e a súa toponimia.
    - Gravación e edición das conferencias.
* Itinerario histórico-toponímico pola cidade da Coruña: "Nomes tradicionais e nomes novos".
* Mesa redonda: "A restauración da toponimia tradicional na comarca da Coruña".
* Exposición fotográfica: "A terra feita lingua: toponimia da cidade da Coruña".
* Publicación do libro.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Publicidade: material, anuncios	3.000.-

Ciclo de conferencias: 1.200 x 6	7.200.-
Gravación e edición das conferencias	2.000.-
Itinerario histórico-toponímico 1	.500.-
Mesa redonda	1.000.-
Exposición fotográfica	1.300.-
Publicación do libro	4.000.-
Total	***20.000 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **100 %.**

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe dos gastos efectivamente xustificados.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación **non** é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, deberá constar o logotipo da Deputación Provincial da Coruña en todos os exemplares do libro que se publique.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial e de cinco exemplares do libro que se publique.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da Asociación Cultural da Coruña Alexandre Bóveda, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09/09/2014

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para o *Programa de actividades do ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 42.320 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o *Programa de actividades do ano 2014***

Na Coruña o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.
Dna. Lidia Sánchez González, Directora da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital constituíuse na cidade de Madrid o día 22 de xaneiro de 2001, fixando a súa sede no Lugar de Outeiro, Artes, no concello de Ribeira.

3.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital ten por obxecto o desenvolvemento e execución de programas de investigación, estudos, formación,

perfeccionamento e cooperación no ámbito da arte en xeral, e na arte gráfica, en particular..

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital é titular dunha grande colección de gravados que ten unha especial importancia, non só no aspecto cultural, tamén no aspecto turístico, debido á súa localización nun concello de gran potencial turístico, que ten que completar as súas ofertas de ocio cultural.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no orzamento para o Exercicio do ano 2014 figura unha subvención nominativa para a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital (CIF: G15798168) para financiar o ***Programa de actividades do ano 2014.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Exposición "Carmen Hermo"	
Tríptico	300,00
Rotulación	300,00
Montaxe exposición	950,00
Subtotal: 1.550,00	
Exposición "Isabel Pintado"	
Rotulación	300,00
Tríptico	350,00
Montaxe exposición	900,00
Subtotal: 1.550,00	

Exposición “A Divina Comedia de Dalí”	
Tríptico	250,00
Rotulación	350,00
Montaxe exposición	880,00
Enmarcación	2.400,00
Subtotal: 3.880,00	
Exposición “Delio Sánchez”	
Tríptico	300,00
Rotulación	300,00
Montaxe exposición	850,00
Subtotal: 1.450,00	
Exposición “Os traballos de Hércules”	
Tríptico	400,00
Rotulación	500,00
Montaxe exposición	770,00
Enmarcación	2.400,00
Subtotal: 4.070,00	
Exposición “Gustavo García: O mundo habitado”	
Tríptico	350,00
Rotulación	400,00
Montaxe exposición	900,00
Subtotal: 1.650,00	
Exposición “Harriette Wilson: a erótica no mundo da ilustración e o gravado	
Comisariado e coordinación	600,00
Tríptico	300,00
Rotulación	400,00
Montaxe exposición	850,00
Enmarcación	2.350,00
Subtotal: 4.500,00	
“**V Premio Atlante”**	
Tríptico	350,00
Rotulación	350,00
Carpetas	300,00
Montaxe exposición	700,00

Enmarcación	2.470,00
Premio Atlante	13.900,00
Subtotal: 18.070,00	
Homenaxe a gravadores galegos: Alfonso Costa	
Tríptico	350,00
Rotulación	350,00
Montaxe exposición	750,00
Enmarcación	2.300,00
Subtotal: 3.750,00	
"**Arte Barbantia"**	
Tríptico	450,00
Rotulación	500,00
Montaxe exposición	900,00
Subtotal: 1.850,00	
Total	***42.320,00***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **47,259%.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,259% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe,

xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014**, como máximo.
2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital na documentación achegada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da comunidade autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará **o 31 de maio de 2015**, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Despois da solicitude da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O INVENTARIO DOS ARQUIVOS PARROQUIAIS ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 18/09/2014

2.- Aprobar o convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 50.000 €, concedida para financiar o *Inventario dos arquivos parroquiais, ano 2014,* cun orzamento subvencionado de 122.028,18 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar o *Inventario dos arquivos parroquiais, ano 2014.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.
A Excmo. e Rvdo. Sr. D. Julián Barrio y Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela.

Ámbalas partes no nome e a representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas partes recoñecen o interese e valor histórico do conxunto formado polos fondos parroquiais depositados no Arquivo Histórico Diocesano: trátase dunha colección de documentos que abarcan dende o século XV ata a metade do século XX, recollidos e concentrados no Arquivo Histórico Diocesano dende a súa fundación no ano 1975 e, sobre todo, nos últimos anos, mediante os diversos proxectos financiados pola Deputación da Coruña.

A documentación está formada por libros manuscritos, cartapacios e impresos, nun número aproximado de 18.250 cartapacios e 37 pergamiños soltos, procedentes dos arquivos de 711 parroquias; as datas da documentación están entre 1443 e 2001, aínda que o comezo dos arquivos parroquiais se sitúan na segunda metade do século XVI.

Os libros parroquiais ten un especial interese xa que os rexistros civís comezaron a súa andadura no ano 1870, polo que son practicamente a única fonte de datos de tipo xenealóxico dende o século XVI ata o presente.

Tamén é documentación moi importante para o coñecemento da produción artística e cultural, da antropoloxía e a socioloxía da nosa terra, da medicina, da xeografía...

3.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán no Arquivo Histórico Diocesano, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela (R1500020A) para financiar o ***Inventario dos arquivos parroquiais, ano 2014,*** das parroquias que se sinalan de seguido:

NOME	PATRÓN	ARCIPRESTADO	CONCELLO
AGUIÑO	NOSA SRA. DO CARME	POSTMARCOS DE ABAIXO	Ribeira
AIAZO	S. PEDRO	BARBEIROS	Frades
ALBIXOI	STA. MARIÑA	BARBEIROS	Mesía
ALLO	S. PEDRO	SONEIRA	Zas
ALMEIRAS	S. XIÁN	ALVEDRO	Culleredo
AMEIXENDA, A	SANTIAGO	DUIO	Cee
ANDAVAO	S. MARTIÑO	FERREIROS	Boimorto
ANDEADE	SANTIAGO	FERREIROS	Touro
ARZON	S. CRISTOVO	BARCALA	Negreira
ARZÚA	SANTIAGO	FERREIROS	Arzúa
ARZÚA	STA. MARÍA	FERREIROS	Arzúa
BERREO	S. MAMEDE	ORDES	Trazo
BESEÑO	S. CRISTOVO	FERREIROS	Touro
BOIMORTO	SANTIAGO	FERREIROS	Boimorto
BRENS	STA. BAIA	DUIO	Cee
CACHEIRAS-ONS	S. SIMÓN DE ONS	XIRO DA ROCHA	Teo

NOME	PATRÓN	ARCIPRESTADO	CONCELLO
CARBALLAL, O	S. XULIÁN	BAMA	Santiago de Compostela
CELA	S. XULIÁN	ALVEDRO	Cambre
COLANTRES	S. SALVADOR	XANROZO	Coirós
CRENDES	S. PEDRO	XANROZO	Abegondo
FIOPÁNS	S. PEDRO	BARCALA	A Baña
GOIMIL	S. CRISTOVO	PRUZOS	Vilarmaior
GUÍSAMO	STA. MARÍA	CERVEIRO	Bergondo
ILLOBRE	STO. ANDRÉ	ULLA	Vedra
ISORNA	STA. MARÍA	IRIA FLAVIA	Rianxo
LANZÁ	S. MAMEDE	BARBEIROS	Mesía
LARIÑO	S. MARTIÑO	ENTÍS	Carnota
LEMA	S. PEDRO	FERREIROS	Arzúa
LIRA	STA. MARÍA	ENTÍS	Carnota
LOUSAME	S. XOÁN	POSTMARCOS DE ARRIBA	Lousame
LUEIRO	STA. BAIA	BARCALA	Negreira
MABEGONDO	S. TIRSO	XANROZO	Abegondo
MAGALOFES	S. XURXO	BEZOUCOS	Fene
OLVEIRA	S. MARTIÑO	DUIO	Dumbría
PRAVIO	S. XOÁN	ALVEDRO	Cambre
QUEIXEIRO	S. XURXO	PRUZOS	Monfero
QUIÓN, SAN FIZ DE	S. FIZ	FERREIROS	Touro
RECESENDE	S. XOÁN	XIRO DA ROCHA	Teo
SABUGUEIRA-LAVACOLLA	S. PAIO	BAMA	Santiago de Compostela
SANTA SABIÑA	S. XULIÁN	CÉLTIGOS	Santa Comba
SERRES	S. XOÁN	ENTÍS	Muros
SESTAIO	S. MIGUEL	ENTÍS	Muros
TABOADA	STA. MARIÑA	PRUZOS	Monfero
TORRES	S. XORXE	PRUZOS	Vilarmaior
TOXOS OUTOS	S. XUSTO	POSTMARCOS DE ARRIBA	Lousame
VEIGA	S. SILVESTRE	ALVEDRO	Culleredo
VILADAVIL	STA. MARÍA	FERREIROS	Arzúa
VILAMATEO	SANTIAGO	PRUZOS	Vilarmaior
VITRE	S. XOÁN	BARBEIROS	Frades
XANCEDA	S. SALVADOR	BARBEIROS	Mesía

O desenvolvemento deste proxecto supón a realización dos seguintes traballos:

* Recolocación dos fondos, de acordo co “Plan de crecemento, ampliación e recolocación dos fondos do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela”.

* Calendario, recollida, traslado e transferencia dos arquivos parroquiais xa programados.

* Fumigación e desinsectación durante 30 días da nova documentación transferida.

* Limpeza e inventariado.

* Informatización e restauración dos fondos e remisión dunha copia dos inventarios aos párrocos.

* Depósito, uso e consulta.

* Revisión e actualización dos arquivos xa depositados con anterioridade.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Arcebispado de Santiago de Compostela.

O Arcebispado de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal (equipo de 5 persoas)	106.428,18.-
Limpeza	4.900,00.-
Materiais consumibles	7.500,00.-
Dietas e quilometraxe	3.200,00.-
Total	**122.028,18 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **40,974 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 40,974 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Arcebispado de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Arcebispado de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Arcebispado de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Arcebispado de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Arcebispado de Santiago de Compostela unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo director do Arquivo Histórico Diocesano, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Arcebispado de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Arcebispado de Santiago de Compostela da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Arcebispado de Santiago de Compostela na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Arcebispado de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Arcebispado de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Arcebispado de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Arcebispado de Santiago de Compostela poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o

cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Arcebispado de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Arcebispado de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Arcebispado de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude do Arcebispado de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL SPORTIS. FORMACIÓN DEPORTIVA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO IV CONGRESO MUNDIAL DO DEPORTE EN IDADE ESCOLAR: SEMINARIO NACIONAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS, EDUCACIÓN FÍSICA E PSICOMOTRICIDADE.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10/09/2014

2.-Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 10.000 € para financiar a realización do IV Congreso Mundial do deporte en idade escolar: Seminario Nacional de Escolas Deportivas, Educación Física e Psicomotricidade. cun orzamento subvencionado de 12.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva para financiar a realización do IV Congreso Mundial do deporte en idade escolar: Seminario Nacional de Escolas Deportivas, Educación Física e Psicomotricidade.**

Na Coruña o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José Arufe Quintela, Presidente da **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva**.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** é unha entidade sen ánimo de lucro adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** (NIF: G70232129) para financiar **a realización do IV Congreso Mundial do deporte en idade escolar: Seminario Nacional de Escolas Deportivas, Educación Física e Psicomotricidade.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	**Importe**
VIAXES CONFERENCIANTES	6.000,00 €
ALOXAMENTO CONFERENCIANTES	2.000,00 €
TRÍPTICOS E CARTELEIRA, DIPLOMAS, ACREDITACIÓNS	1.000,00 €
WEB E HOSTING	200,00 €
SECRETARÍA TÉCNICA E COORDINACIÓN	2.500,00 €
ROLL UP E PANCARTAS	300,00 €
CDS CONGRESO	500,00 €
TOTAL	12.500,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **10.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80,00%.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva,** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva.**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.
1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva,** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva,** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva,** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva, na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva,** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Escudería Automobilística de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a Escudería Automobilística de Ferrol poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude da **Asociación Cultural Sportis.Formación Deportiva**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL PARA FINANCIAR A FASE DE ASCENSO LIGA FEMININA 2.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 01/09/2014

2.- Aprobar o convenio co Club Universitario de Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 15.000 € para financiar a fase de ascenso liga feminina 2 cun orzamento subvencionado de 18.801,50 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario de Ferrol para financiar a fase de ascenso liga feminina 2**

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Leopoldo Ibánez Santiago, Presidente do Club Universitario de Ferrol

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Universitario de Ferrol é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario de Ferrol,** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario de Ferrol** (CIF:G15659261) para financiar a ***fase de ascenso liga feminina 2***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Universitario de Ferrol** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Arbitraxes LF-2	3.726,80 €
Desprazamentos arbitrais	1.574,70 €
Gastos pasar noite e desprazamentos fase	3.100,00 €
Quilometraxe directivos, delegados, xogadoras, etc	1.500,00 €
Adestradores, fisio, médico, etc.	4.800,00 €
Xogadoras	2.450,00 €
Seguros e gastos médico-farmacéuticos	650,00 €
Material deportivo e equipamento	800,00 €
Gastos telefonía, oficina	200,00 €
Total	18.801,50 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,78 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,78 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Universitario de Ferrol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Universitario de Ferrol**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Club Universitario de Ferrol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Universitario de Ferrol** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Universitario de Ferrol**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Universitario de Ferrol** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Universitario de Ferrol**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o **Club Universitario de Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Universitario de Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Universitario de Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Universitario de Ferrol**.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **Club Universitario de Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Club Universitario de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Universitario de Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Universitario de Ferrol** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Universitario de Ferrol** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Universitario de Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Universitario de Ferrol** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Praia de Pantín será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento

2.- Despois da solicitude do **Club Universitario de Ferrol**, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL PARA FINANCIAR ACTUACIÓNS NA IGREXA DE SANTA MARÍA E CONVENTO DO ROSARIO DE SAN SADURNIÑO.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19/09/2014

2.- Aprobar o convenio coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar a realización de *actuacións na Igrexa de Santa María e no Convento do Rosario de San Sadurniño* cun orzamento subvencionado de 134.247,87 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para financiar Actuacións na Igrexa de Santa María e Convento do Rosario de San Sadurniño*.***

Na Coruña, o

REUNIDOS

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. D. Ramón Otero Couso, Ecónomo Diocesano de Mondoñedo-Ferrol

Ámbalas partes no nome e a representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

MANIFESTAN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- O conxunto arquitectónico da Igrexa de Santa María e o convento de Nosa. Sra. do Rosario de San Sadurniño é unha construción, da que temos a primeira referencia no denominado *documento de Tructino,* que está datado en torno ao ano 868. A parroquia, adicada a Santa Eulalia, pertencía á sede de Iria Flavia e foi obxecto de

sucesivas doazóns, sendo propiedade da orde do Temple a mediados do século XIII, baixo cuxa titularidade funcionaba cono Bailía. En 1546, desaparecida nos séculos anteriores á orde templaria, e estando en ruína a antiga igrexa, edifícase unha nova construción baixo a dependencia dos Andrade de San Sadurniño, instituíndose como colexiata, con cinco capeláns. No ano 1775, como consecuencia da súa deterioración a antiga igrexa é derribada, conservándose unicamente a cabeceira, do século XII, e construíndose a igrexa e fachada barrocas actuais .

A igrexa, de planta de cruz latina e dimensións proporcionadas, conserva no seu interior os sepulcros de Fernando de Andrade, da súa dona Inés de Castro, e do fillo de ambos, e dispón, ademais, de capiteis románicos alegóricos ao Apocalipse, o vidente de Patmos, a Eucaristía, o dragón de dúas cabezas, e outras representacións. O retablo maior, de estilo barroco, está presidido por unha imaxe da Virxe do Rosario do século XIX, acompañada de figuras de varios santos.

O claustro dispón dun xardín central que se sitúa a unha altura superior, e está composto de 28 arcos con esquinas graduadas, destacando nas estancias unha escada de pedra serpentina ou "toelo" de Moeche do ano 1740, un reloxo de Sol, na esquina Noroeste, e a "Sala de Profundis", lugar no que os relixiosos rezaban o salmo 129, antes de pasar ao refectorio.

O estado da cuberta da igrexa e a existencia dunha gran cantidade de humidade producida por capilaridade, tanto nos muros do convento como na sancristía, esixe a realización de varias actuacións para a preservación e conservación do ben, cuxa importancia para o patrimonio cultural da provincia é notoria.

3.- Tendo en conta as circunstancias expostas, no orzamento para o ano 2014, no EMC núm. 2/214 foi incorporado o crédito destinado ao seu financiamento.

4.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán no conxunto arquitectónico da *Igrexa de Santa María e Convento do Rosario de San Sadurniño.*

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol (R1500019C) para financiar **actuacións na Igrexa de Santa María e Convento do Rosario de San Sadurniño,** consistentes na realización dunha intervención na cuberta da igrexa, intentando recuperar o seu estado orixinal, e na eliminación das humidades por capilaridade producidas nos muros do convento e fundamentalmente na sancristía, tal

como se define no proxecto de execución redactado por Patricia Pinto Blanco, arquitecta colexiada nº 11117 do COAG.*.*

2.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

A Diocese de Mondoñedo-Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen no proxecto redactado por Patricia Pinto Blanco, arquitecta colexiada nº 11117 do COAG, consonte ao seguinte orzamento:

Actuacións previas	14.387,17.-
Drenaxe	3.507,00.-
Estrutura	39.925,76.-
Cuberta	9.205,58.-
Pavimentos	21.757,82.-
Instalacións fontanería e saneamento	3.150,83.-
Xestión de residuos	1.300,00.-
Total execución material	93.234,16.-
Gastos xerais 13%	12.120,44.-
Beneficio industrial 6%	5.594,05.-
IVE 21%	23.299,22.-
Total orzamento de contrata	***134.247,87€***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da obra, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **74,489 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,489 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito, na presente anualidade.

Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á Diocese de Mondoñedo-Ferrol de que o compromiso de gasto queda condicionado á afectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- Na súa condición de promotor, corresponderalle á Diocese de Mondoñedo-Ferrol o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.

2.- Con carácter previo á contratación, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía,

debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.- No caso de que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol está obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Diocese de Mondoñedo-Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Diocese de Mondoñedo-Ferrol a medida que se expidan as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe a porcentaxe de financiamento.

Para tal efecto, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá achegar a seguinte documentación:

* Copia do contrato formalizado.

* Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista e relación valorada.

* Factura expedida polo contratista; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Asemade, coa derradeira certificación de obra, achegarase acta de recepción e acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante fotografías dilixenciadas no reverso, e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da

propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula segunda, deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014**, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Diocese de Mondoñedo-Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Diocese de Mondoñedo-Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Diocese de Mondoñedo-Ferrol na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Diocese de Mondoñedo-Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Diocese de Mondoñedo-Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención

outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Diocese de Mondoñedo-Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Diocese de Mondoñedo-Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015,** e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Despois da solicitude da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB BASQUET CORUÑA PARA FINANCIAR O CRECEMENTO BASQUET CORUÑA: PROXECTO BALONCESTO PARA TODOS.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24/09/2014

2.- Aprobar o convenio co Club Basquet Coruña correspondente á subvención nominativa , por importe de 55.000 €, concedida para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos, cun orzamento subvencionado de 68.750 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o *Club Basquet Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Manuel García Fandiño , Presidente do Club Basquet Coruña

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o Club Basquet Coruña é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Basquet Coruña**, **NIF G15565054,** ***para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Basquet Coruña** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal dirección e coordinación do proxecto	9.500,00 €
Monitores programa promoción baloncesto	7.750,00 €
Monitores programa educativo e social	2.000,00 €
Seguridade Social	6.000,00 €
Servizos profesionais	2.500,00 €
Material deportivo (equipamentos, balóns)	8.500,00 €
Premios, agasallos	4.500,00 €
Gastos desprazamentos e axudas de custo	8.000,00 €
Póliza de seguros	1.000,00 €
Gastos promoción e inscrición do primeiro equipo	12.000,00 €
Gastos xerais	7.000,00 €
Total	***68.750,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **55.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Basquet Coruña** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Basquet Coruña.**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Club Basquet Coruña**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Basquet Coruña** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Basquet Coruña**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Basquet Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Basquet Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o **Club Basquet Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Basquet Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Basquet Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións

e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Club Basquet Coruña.**
Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Club Basquet Coruña** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Basquet Coruña** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Basquet Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Basquet Coruña** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Basquet Coruña** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Basquet Coruña** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Basquet Coruña** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Basquet Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento

2.- Despois da solicitude do **Club Basquet Coruña** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

18.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ESCUDERÍA AUTOMOBILÍSTICA DE FERROL PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DO 45º RALLY AUTOMOBILÍSTICO DE FERROL.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 23/09/2014

2.- Aprobar o convenio coa Escudería Automobilística de Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 20.000 € para financiar a realización do 45º RALLY Automobilístico de Ferrol, cun orzamento subvencionado de 85.442,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automobilística de Ferrol para financiar o *45º RALLY de Ferrol***

Na Coruña o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Pedro Amado López, Presidente da Escudería Automobilística de Ferrol.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte

Que a Escudería Automobilística de Ferrol é unha entidade sen ánimo de lucro adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automobilística de Ferrol coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Escudería Automobilística de Ferrol (NIF: G15115660) para financiar o ***45º RALLY de Ferrol.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Escudería Automobilística de Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	**Importe**
RFE de A. Licenza de concursante	600,00 €
FEVA. Cota anual	75,00 €
FGA. Licenza de concursante	600,00 €
Inscrición calendario 2014	5.250,00 €
Seguros	14.455,00 €
Cronometraxe	7.000,00 €
Vehículos “R” medicalizados	7.000,00 €
Instalacións equipos GPS en aluguer	5.500,00 €
Trofeos e cerimonias	1.000,00 €
Carné de control, realización mapas , etc.,	500,00 €
Material de control (números, placas adhesivas)	4.500,00 €
Megafonía e iluminación cerimonia de saída	2.500,00 €
Material de seguridade, tramos	1.500,00 €
Servizos sanitarios, UVI, SVB, SVA	6.000,00 €
Combustible vehículos caravana	1.000,00 €
Persoal motobombas	600,00 €
Liñas telefónicas	1.200,00 €
Aloxamento oficiais non residentes	6.000,00 €
Persoal grúas	600,00 €
Persoal montaxe tramos	575,00 €

Montaxe de oficinas	2.500,00 €
Gastos de Imprenta	2.700,00 €
Oficiais seguridade tramos pro.civís	3.690,00 €
Oficiais comunicacións tramos	1.700,00 €
Aluguer de instalacións	600,00 €
Publicidade	1.700,00 €
Licenzas oficiais RFEdeA	3.200,00 €
Licenzas concursantes	557,00 €
Gastos varios secretaria	1.000,00 €
Asesoría xurídica	1.000,00 €
Correos e mensaxería	340,00 €
Total	85.442,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **23,41 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 23,41 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Escudería Automobilística de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Escudería Automobilística de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Escudería Automobilística de Ferrol, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Escudería Automobilística de Ferrol deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Escudería Automobilística de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Escudería Automobilística de Ferrol unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Escudería Automobilística de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, a **Escudería Automobilística de Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Escudería Automobilística de Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **Escudería Automobilística de Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Escudería Automobilística de Ferrol.**
Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, á **Escudería Automobilística de Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Escudería Automobilística de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Escudería Automobilística de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Escudería Automobilística de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Escudería Automobilística de Ferrol poderá escollela a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Escudería Automobilística de Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Escudería Automobilística de Ferrol serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Escudería Automobilística de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2015 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento

2.- Despois da solicitude da **Escudería Automobilística de Ferrol.** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O HÓCKEY CLUB LICEO DA CORUÑA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24/09/2014

2.- Aprobar o convenio co Hóckey Club Liceo da Coruña correspondente á subvención nominativa, por importe de 65.000 €, concedida para *financiar a realización de actividades deportivas do ano 2014***,** cun orzamento subvencionado de 82.200€, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hóckey Club Liceo da Coruña *correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización de actividades deportivas 2014***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Eduardo Lamas Sánchez , Presidente do Hóckey **Club Liceo da Coruña**

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña**, coa finalidade de fixar as condicións da súa

colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña NIF G15075278 ,** ***para financiar o mantemento da estrutura do club para a realización de actividades deportivas 2014***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Desprazamentos e competicións (viaxes, estancias, traslados)	15.000,00 €
Material deportivo (roupa, sticks, guantes, bolas, xeonlleiras,etc)	4.000,00 €
Técnicos deportivos (coordinador deportivo, outros profesionais)	12.000,00 €
Gastos federativos (gastos de xestión)	4.200,00 €
Gastos federativos (dereitos de participación)	9.000,00 €
Atencións médicas (seguros médicos, outros profesionais)	1.000,00 €
Gastos xerais e de administración	3.500,00 €
Gastos categorías inferiores (material deportivo, desprazamentos)	3.500,00 €
Soldos e salarios (deportistas e técnicos)	30.000,00 €
Total	82.200,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **65.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,08 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,08 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **HÓCKEY Club Liceo da Coruña**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **HÓCKEY Club Liceo da Coruña**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **HÓCKEY Club Liceo da Coruña**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao

HÓCKEY Club Liceo da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **HÓCKEY Club Liceo da Coruña**
Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento

2.- Despois da solicitude do **HÓCKEY Club Liceo da Coruña** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB PATÍN CERCEDA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DA ESTRUTURA DO CLUB PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2014.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24/09/2014

2.- Aprobar o convenio co Club Patín Cerceda correspondente á subvención nominativa, por importe de 40.000 €, concedida para *financiar o mantemento da estrutura do club para a realización de actividades deportivas 2014,* cun orzamento subvencionado de 61.600 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

" **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o *Club Patín Cerceda correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o mantemento da estrutura do club para a realización de actividades deportivas 2014***

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dona Isabel Bermúdez Castro , Presidenta do ***Club Patín Cerceda***

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o ***Club Patín Cerceda*** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o ***Club Patín Cerceda***, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o ***Club Patín Cerceda***, **NIF G70215108,** ***para financiar o mantemento da estrutura do club para a realización de actividades deportivas 2014***

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O **Club Patín Cerceda** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Desprazamentos	18.000,00 €
Adestradores	21.500,00 €
Canon OK Liga	9.500,00 €
Arbitraxes	2.100,00 €
Fichas e mutuas	4.500,00 €
Material deportivo (botas, guantes, patíns, pelotas, camisetas)	6.000,00 €
Total	***61.600,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **40.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 64,93 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 64,93 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Patín Cerceda** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Patín Cerceda.**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co **Club Patín Cerceda**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Club Patín Cerceda** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.
1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Patín Cerceda**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Patín Cerceda** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Patín Cerceda** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén

se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Despois de que estean rematadas as actividades, o **Club Patín Cerceda** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Patín Cerceda** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**
A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.
Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Patín Cerceda** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Patín Cerceda**
Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao

Club Patín Cerceda terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Patín Cerceda** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Patín Cerceda** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Patín Cerceda** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Patín Cerceda** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Patín Cerceda** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Patín Cerceda** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Patín Cerceda** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento

2.- Despois da solicitude do **Club Patín Cerceda** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE OLVEIRA.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a COMUNIDADE VECINAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA CIF E 15070238 para financiar o proxecto "Ampliación da Casa da Cultura de Olveira".
4º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 48.0000,32 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80%.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/169A/781 do vixente presuposto en documento contable RC núm. de operación 220140030173. O crédito foi aprobado a nivel de dispoñibilidade no EMC 3/2013. .

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA

A Coruña REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona Elviña Pereiro Ageitos, con DNI núm. 33211188G, en representación da COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA

consideran de grande interese para a provincia o arranxo do local no que terá lugar actividades dedicadas á veciñanza da parroquia de Olveira e as veciñas de Oleiros e Corrubedo que non teñen un local desas características.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA**, **CIF E15070238**, para o financiamento da "*Ampliación da Casa da Cultura de Olveira*", tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado polo arquitecto técnico don Xosé Luís Pérez Rivas.

2. A **COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA,** na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a **COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA**, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Presuposto de execución material..... 41.669,84
Gastos xerais (13%)..... 5.417,08
Beneficio industrial (6%)..... 2.500,19

Imposto sobre o valor engadido (21%)..... 10.413,29

Presuposto de execución por contrata 60.000,40

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 48.000,32 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/169A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.
No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.
A COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.
Non será posible expedir un pago anticipado se a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentado a xustificación correspondente.
Para a recepción dos fondos anticipados, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade…”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014**.

2. Para o caso de que a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE OLVEIRA

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR A XXIV MOSTRA DE ENCAIXE.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS para financiar a "XXIV Mostra do Encaixe".
4º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 60.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 58,027%.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/334G/46201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140030831.
.

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS
A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, , en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, **CIF P1501600I**, para o financiamento da "*XXIV Mostra do Encaixe*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL	
Custo de persoal contratado	11.800,00 €
CAPÍTULO II: GASTOS CORRENTES	
Servizo de alugamento de megafonía da pasarela de desfiles e para o recinto da celebración do concurso de baile rexional	3.180,00 €
Servizo de alugamento de megafonía xeral	3.000,00 €
Servizo de vixilancia	4.300,00 €
Servizo de modelos, coreografía e organización dos desfiles	13.000,00 €
Servizo de reportaxe fotográfico	1.200,00 €
Servizo de restauración	6.000,00 €
Servizo de contratación de diferentes medios de publicidade	8.300,00 €
Subministracións de encaixe para as colección dos novos e grandes deseñadores da pasarela de moda	6.500,00 €
Servizo de limpeza	2.420,00 €
Servizo de xerador e acometidas eléctricas	1.400,00 €
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra do Encaixe	42.300,00 €
TOTAL	**103.400,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 58,027 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,027 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/334G/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano

2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014**.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado.... Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O alcalde do CONCELLO DE CAMARIÑAS

DON DIEGO CALVO POUSO

23.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) PARA FINANCIAR O PROXECTO "EMPRENDER, APRENDER E DISFRUTAR".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) CIF G70252622 para financiar o proxecto "EMPRENDER, APRENDER E DISFRUTAR".
4º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,032%.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm.de operación 220140031220.0 .

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Alfonso Salazar Martínez, con DNI núm. 32768071V, en representación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

1.Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) consideran de grande interese para a provincia a celebración de congresos a nivel nacional, dende os derivados do propio turismo ata o establecemento de contactos profesionais entre os asistentes, e que poden chegar a materializarse na apertura de novos negocios, ademais de impulsar o comercio electrónico e marketing on-line para o emprendedor, achegando ideas, experiencias e oportunidades.

2.Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)**, CIF G70252622, para o financiamento do proxecto "*Emprender, aprender e disfrutar*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
- **E-COMMERCE INcoruña, 2 e 3 de XUÑO de 2014**		**7.197,08 €**
-Servizos de comunicación e redes sociais	2.420,00 €	
-Deseño e creatividade, pezas gráficas	1.331,00 €	
-Produción, programas e imprenta	1.631,08 €	
-Publicidade en La Voz de Galicia	1.210,00 €	
-Poñentes e relatores comercio electrónico	605,00 €	
- **II CONGRESO FORMACIÓN DE OFERTA E DEMANDA INCoruña, 28 e 29 de MAIO de 2014**		**13.604,03 €**
-Contratación de conferenciantes e relatores	7.865,00 €	
-Servizos de redes sociais e community manager marzo, abril e maio	2.178,00 €	
-Servizos de deseño gráfico	1.210,00 €	
-Attrezzo mobiliario para escenario	756,25 €	
-Envío de news letter	408,98 €	
-Produción de gráfica, cartelería, programas	1.185,80 €	
- **GASTOS COMÚNS AMBOS OS DOUS CONGRESOS**		**17.157,91 €**
-Secretaría técnica, organización, coordinación e execución dos 2 congresos	12.039,50 €	

-Seguros Rc e accidentes dos 2 congresos	618,41 €	
-Aloxamento hotel poñentes	2.201,00 €	
-Asesoramento xurídico, fiscal	2.299,00 €	
TOTAL		37.959,02 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,032%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,032% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10

por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados os días 28, 29 de maio e 2, 3 de xuño de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2014**.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da ASOCIACIÓN COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA (ASCEGA)

24.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL PARA FINANCIAR A DINAMIZACIÓN COMERCIAL 2014.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONALES COMPOSTELA MONUMENTAL con CIF G153824682 para financiar o proxecto “Dinamización Comercial 2014”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 41.250,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 72.368%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140030779.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL

1.Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL consideran de grande interese para a provincia reforzar o posicionamento da Coruña provincia coma destino turístico-comercial, por ser a cidade de Santiago de Compostela e, máis en concreto o seu centro histórico, un importante reclamo turístico e punto de referencia a nivel mundial, xa que é o destino final do Camiño de Santiago.

2.Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL**, CIF G15382468, para o financiamento do proxecto "*Dinamización comercial Compostela Monumental 2014*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Campañas comerciais	**13.000,00 €**
Dinamización de rúa	**6.000,00 €**
Fidelización clientes	**15.000,00 €**
Sinalización comercial	**7.000,00 €**
VIII Congreso do Comercio	**16.000,00 €**
TOTAL	**57.000,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUENPARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 41.250,00 €, o que representa unha porcentaxe de 72,368%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,368% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL,

xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións

e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva

finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E PROFESIONAIS COMPOSTELA MONUMENTAL

25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA PARA FINANCIAR OBRAS DE REFORMA DE LOCAL PARA OFICINA.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o COLEGIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN ENFERMERIA DA CORUÑA con CIF Q 1566003H para financiar as obras de reforma de local para oficina.

4º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 40,94%.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/169A/781 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140031224. .

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA

A Coruña REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Sergio Quintairos Domínguez, con DNI núm. 34556520D, en representación do COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA

1.Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio.

2.Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA**, **CIF Q1566003H**, para o financiamento da/do "Reforma de local para oficina", tal como aparece definida esta no proxecto (básico ou de execución), redactado polo arquitecto técnico Don Javier López Da Vila.

2. O **COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA,** na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o **COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA**, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

Presuposto de execución material..... 33.923,30
Gastos xerais (13%)..... 4.410,03
Beneficio industrial (6%)..... 2.035,40

Imposto sobre o valor engadido (21%)..... 8.477,43

Presuposto de execución por contrata 48.846,16

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 40,944%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a

entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/169A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.
No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Así mesmo, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.
O COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.
Non será posible expedir un pago anticipado se o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentado a xustificación correspondente.
Para a recepción dos fondos anticipados, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade…”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as obras, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula

SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan,

entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 17 de marzo de 2014 ata o 16 de maio de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de novembro do ano 2014**.
2. Para o caso de que o COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DA CORUÑA

26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO PARA FINANCIAR O PROXECTO "XVII SALÓN DO CABALO. EQUIOCIO 2014".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.
4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO con CIF G15783483 para financiar "O Salón do Cabalo. Equiocio 2014".

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 39,518%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/414B/481 no documento contable RC núm. de operación 220140031147. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona María Jesús Gómez Deaño, con DNI núm. 32544643B, en representación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

1.Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO consideran de grande interese para a provincia promover o deporte, cultura e ocio que se traduce en 45.000 visitantes, un número que se incrementa ao falar da achega ao turismo da comarca en Semana Santa.

2.Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO**, CIF G15783483, para o financiamento do proxecto "*XVII Salón do Cabalo. Equiocio 2014*".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
INFRAESTRUTURAS	**63.000,00 €**
PREMIOS, TROFEOS E ESPECTÁCULOS	**28.560,00 €**
PERSOAL E SERVIZOS	**45.200,00 €**
XUÍCES	**2.400,00 €**
SECRETARÍA E PRODUCIÓNS GRÁFICAS	**15.500,00 €**
GASTOS VARIOS	**16.470,00 €**
FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL	**6.000,00 €**
TOTAL	**177.130,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUENPARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 39,518%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 39,518% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/414B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no

cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito

adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO

O representante da CLUB DEPORTIVO EQUIOCIO

27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL DE RÍO DE JANEIRO – BRASIL, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO 2014.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL, DE RÍO DE XANEIRO-BRASIL con CIF T000000046 para financiar os gastos de funcionamento do ano 2014".

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 10.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 59,45%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232C/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. operación 220140030257.
.

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A RESIDENCIA SANTIAGO APÓSTOL, DE RÍO DE XANEIRO - BRASIL, PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO 2014

……. ,…….. de …… de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUSO, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, Dna. REGINA JALLAS SUÁREZ FIGUEIRA, presidenta da *Associação Recreio dos Anciãos-Residencia Santiago Apóstol,* de Río de Xaneiro - Brasil.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

M A N I F E S T A N

A *Associação Recreio dos Anciãos-Residencia Santiago Apóstol*, con sede na cidade de Río de Xaneiro (Brasil), na Calle Conde de Bonfim, é unha institución sen fins de lucro, fundada o 20 de marzo de 1940 por inmigrantes de orixe galego, coa finalidade, en xeral, de dar acollida e asistencia sanitaria ás persoas de idade avanzada que estean en situación de desamparo.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o cofinanciamento de determinados gastos ordinarios de funcionamento da Residencia Santiago Apóstol, sita na rúa Conde de Bonfim - Río de Xaneiro – Brasil, pertencente á *Associação Recreio dos Anciãos*, segundo se describen na cláusula seguinte.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento de execución ascende a un importe equivalente a **16.820,82 €**, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO	IMPORTE	
	Reais	**Euros (*)**
Alimentación	R$ 6.221,80	2.061,88
Teléfono	R$ 1.455,30	482,28
luz	R$ 28.156,28	9.330,88
Auga	R$ 8.542,28	2.830,88
Servizos médicos	R$ 6.381,80	2.114,90
TOTAL	**R$ 50.757,46**	**16.820,82**

(*).- Tipo de cambio 1 € = 3,01754 R$

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUENPARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento dos gastos sinalados na cláusula anterior cunha achega máxima de 10.000,00 €, que equivalen a un coeficiente de financiamento do 59,45 %.

2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen os importes totais dispostos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (59,45) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232C/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente sobre a que se contabilizou o documento contable AD núm. de operación ……, do orzamento provincial para 2014.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas do contrato de arrendamento do local social, así como das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o período do 1.01.2014 ao 31.12.2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que

se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS DEBERES TRIBUTARIOS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2015.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.08.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo do _____do dous mil catorce.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A PRESIDENTA DA ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIÃOS
DIEGO CALVO POUSO	REGINA JALLAS SUÁREZ FIGUEIRA

28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD ECODESARROLLO GAIA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "MANTEMENTO DA ESCOLA CORUÑA, DE YOFF-TONGHOR (SENEGAL), DURANTE O 2014.

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ONGD ECODESARROLLO GAIA, PARA O FINANCIAMENTO G15507171 do proxecto mantemento da Escola Coruña, de Yoff-Tonghor (Senegal) durante o 2014 ".

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 12.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 46,93807%.

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD ECODESARROLLO GAIA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "MANTEMENTO DA ESCOLA CORUÑA, DE YOFF-TONGHOR (SENEGAL), DURANTE 2014

A Coruña, ... de ..... de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Guillermo Fernández-Obanza García, DNI núm. 36.481.315-E, que intervén neste acto en nome e representación da Ongd "Ecodesarrollo Gaia", CIF G-

15507171, con domicilio social na Rúa Antonio Pereira, 3 - baixo (A Coruña), na súa calidade de presidente e conforme competencias que lle atribúen os seus estatutos.
Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

"Ecodesarrollo Gaia" (a beneficiaria, en adiante) é unha organización non gobernamental de cooperación ao desenvolvemento, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Gobernamentais cos núms. 135.597 e 3.788, dende 1994, que ten como finalidade, entre outras, a de levar a cabo proxectos educativos e formativos no eido do medio e do ecodesenvolvemento, así como programas de codesenvolvemento con inmigrantes e emigrantes retornados.
De acordo con isto, a beneficiaria creou na localidade de Yoff - Tonghor, en Senegal, un centro educativo denominado "Escola Coruña", no que desenvolve unha parte importante das súas actividades, que consisten na realización de actividades formativas e de capacitación dirixidas a nenas desescolarizadas e a mulleres en xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías, alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, no Senegal.
Ao respecto do proxecto en cuestión, hai que ter en conta que por afectar ao ámbito da educación para o desenvolvemento, nun dos países cun índice de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (segundo o IDH/2013, ocupa o posto 154, de 187), está entre os que tanto no "Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017" como no "Plan Director da Cooperación Española 2013 – 2016", consideran como sectorialmente prioritarios da axuda oficial ao desenvolvemento. Así mesmo, na medida que contribúe á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, o citado documento de planificación considera como prioridades transversais as intervencións que incidan no eido da loita contra a pobreza e na promoción da igualdade entre homes e mulleres.
A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/2008, do cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei galega 3/2003, do cooperación ao desenvolvemento, razón pola que na sesión ordinaria do Pleno corporativo de …../……/2014, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Ongd "Ecodesarrollo Gaia", CIF G15507171, por importe de 12.000 euros para o financiamento dos gastos de mantemento durante o ano 2014 do proxecto "Escola Coruña, de Yoff – Tonghor", en Senegal.
Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto "Mantemento da Escola Coruña de Yoff-Tonghor (Senegal)", durante o ano 2014, consiste, no financiamento dos gastos de funcionamento dos servizos que o citado centro educativo ten disposto prestar durante o ano 2014, en canto ás actividades formativas dirixidas a nenos e nenas desescolarizadas e a mulleres en

xeral, no ámbito da seguridade alimentaria, saúde reprodutiva, novas tecnoloxías, alfabetización, e actividades deportivas para mozos e mozas, todos eles habitantes da localidade de Yoff – Tonghor, en Senegal, no que se inclúen os gastos de viaxes relativos ao proxecto "Coruña Cura", consistente no desprazamento do persoal sanitario que anualmente visita as citadas instalacións para realizar unha campaña sanitaria.
A intervención da beneficiaria faise de forma directa, en colaboración coa comunidade local de Yoff -Tonghor, en Senegal.

II. ORZAMENTO
O orzamento de execución, segundo se indica no proxecto, ascende a 25.565,60 € e se detalla do seguinte xeito:

CONCEPTO DE GASTO	IMPORTE
Persoal (directora, profesoras, asistentes, vixiantes, etc.)	18.915,60
Material didáctico	600,00
Mantemento xeral (auga, luz, teléfono e internet)	550,00
Pequenas reparacións	500,00
Alimentación	600,00
Medicamentos	600,00
Viaxe de seguimento do proxecto	600,00
Viaxes "Coruña Cura" (desprazamento dende España i/v)	3.200,00
TOTAL	**25.565,60**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS
1. A Deputación da Coruña colaborará no financiamento do proxecto cunha achega máxima de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) para o mantemento da "Escola Coruña" durante o ano 2014, o que representa un coeficiente de financiamento do 46,93807 %. O resto dos gastos serán asumidos con fondos propios procedentes das súas actividades ordinarias e de achegas e doazóns xenéricas dos seus socios e benefactores.
2. No caso de que os gastos xustificados non acadasen o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe de financiamento indicado no apartado anterior (46,93807 %) da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.
IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria ou ás contrapartes locais. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. O aboamento da subvención provincial materializarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, previa presentación da correspondente conta xustificativa de gastos, integrada pola documentación que se indica a continuación, e na porcentaxe de financiamento establecido (46,93807%), sen que en ningún caso o pagamento total poda exceder do importe máximo da axuda concedida (12.000,00 €):

1.1. Memoria da actuación, subscrita polo representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados acadados.

1.2. Reportaxe fotográfica das actividades e das adquisicións realizadas.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

1.4. Con esta relación acompañaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da beneficiaria.

1.6. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, de xeito que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, poderá realizarse un primeiro pagamento, por importe equivalente ao 50 % da achega concedidas, co carácter de anticipo prepagable, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Base 49ª das de execución do presuposto provincial para 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei

38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. A entidade beneficiaria deberá solicitar o pagamento anticipado, acompañando a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII, e a apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender ao proxecto da Escola Coruña no Senegal", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. Os gastos relativos ao proxecto "Mantemento da Escola Coruña de Yoff-Tonghor (Senegal)", durante o ano 2014, serán os realizados entre o 1.01.2014 e o 31.12.2014.

2. A xustificación final deberá presentarse dous mes antes da finalización do período de vixencia, sen prexuízo da posibilidade das modificacións e/ou prórrogas que poidan concederse, nos termos da citada cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poda corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos intereses de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como

coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais podan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10%

do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..
4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2015.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.08.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo do ..... de ..... do 2014

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña	En representación da *Ongd Ecodesarrollo Gaia*
D. Diego Calvo Pouso	D. Guillermo Fernández-Obanza García

29.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NA RÚA DO CAMPO (2ª FASE).

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio de colaboración entre a DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO para financiar as OBRAS DE PAVIMENTACION, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NA RUA DO CAMPO (2ª FASE) cunha achega provincial de 31.200,00 euros con cargo á partida 0112/161A/762.01 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 74,83096% sobre un orzamento subvencionable de 41.693,97 euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Ca motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 11 de setembro do 2014.

2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o CONCELLO DE CARIÑO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DA RUA DO CAMPO cunha achega provincial de 31.200,00 euros con cargo á aplicación presupostaria 0112/161A/762.01, que representa un coeficiente de financiamento do 74,83096 % sobre un presuposto de 41.693,97 euros, cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo:

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACION DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN, ABASTECEMENTO E SANEAMENTO DA RÚA DO CAMPO 2ª FASE.

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso
E doutra parte a Sra. D.ª María Purificación Seixido Gómez alcaldesa- presidenta do Concello de Cariño
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cariño ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cariño con CIF P-1509500-C, para o financiamento da obra de "Pavimentación, abastecemento e saneamento da Rúa do Campo 2ª fase**"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ, enxeñeiro, colexiado Nº 7351

2- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra de pavimentación, abastecemento e saneamento da rúa do Campo, 2ª fase está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____ 28.956,16 €

GASTOS XERAIS_____ _3.764,30 €

BENEFICIO INDUSTRIAL_____ __1.737,37 €

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____7.236,14 €

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____41.693,97 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 31.200,00 €, o que representa unha porcentaxe do 74,83096 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,83096 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/161A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

-Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

-Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

-Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

-Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

-Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 □ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 □

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 □. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 □. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o comezo das obras obxecto de convenio, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do presente ano**

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFIACIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CARIÑO
DIEGO CALVO POUSO	M.ª PURIFICACIÓN SEIXIDO GÓMEZ

30.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA FINANCIAR O MANTEMENTO E REPARACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE VIGO, DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E LOCAIS DE USO VECIÑAL.

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio de colaboración entre a DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE para financiar as obras DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE VIGO, DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E LOCAIS DE USO VECIÑAL cunha achega provincial de 11.643,22 euros con cargo á partida **0112/337B/46201** que representa unha porcentaxe total de financiamento do 100% sobre un orzamento subvencionable de **11.643,22** euros, así como os informes que constan no expediente:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Ca motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de setembro do 2014.

2. APROBAR o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DDEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA e o CONCELLO DE PADERNE as obras DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE VIGO, DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E LOCAIS DE USO VECINAL cunha achega provincial de 11.643,22 euros con cargo á partida **0112/337B/46201**, que representa un porcentaxe de financiamento do **100,00%**, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015

3. Condicionar a formalización do convenio á presentación polo Concello de Paderne das autorizacións do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.

E cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.:

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA A FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE VIGO, DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E LOCAIS DE USO VECINAL

A Coruña,____ de _____ de 2014

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de PADERNE Don César Longo Queijo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de PADERNE ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de PADERNE con CIF P1506500F , para o financiamento das obras de "MANTEMENTO E REPARACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE VIGO, DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E LOCAIS DE USO VECINAL**"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos Servizos Técnicos Municipais e asinado por Antonio López Panete

2- O Concello de PADERNE,, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de PADERNE, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	8.086,13 euros
GASTOS XERAIS	1.051,20 euros

BENEFICIO INDUSTRIAL_____	485,17 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____	2.020,72euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRAT_____	**11.643,22 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **11.643,22 euros**, o que representa unha porcentaxe de **100,00 %.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **100,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/337B/46201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de **PADERNE** de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle o Concello de PADERNE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de PADERNE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de PADERNE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de PADERNE estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o **40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de PADERNE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e **polo funcionario técnico designado pola Deputación**

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra **deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta**
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de PADERNE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de PADERNE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de PADERNE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de PADERNE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó Concello de PADERNE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de PADERNE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de PADERNE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de PADERNE poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de PADERNE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de PADERNE serán remitidas á Intervención xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Concello de PADERNE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa **vixencia** ata o día **1 de novembro de 2015, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.**

2. Para o caso de que o Concello de PADERNE non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2015** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de PADERNE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da concello de PADERNE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PADERNE
DIEGO CALVO POUSO	CÉSAR LONGO QUEIJO

31.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) PARA O COFINANCIAMENTO DO MESTRADO EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA 2013-2014.

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio de colaboración entre a DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COFINANCIAR O MASTER EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNION EUROPEA. EDICION 2013-2014 cunha achega provincial de 70.332,00 euros que representa unha porcentaxe total de financiamento do **79,79% para conferencias e seminarios e do 100% respecto das becas**, así como os informes que constan no expediente:

1. Aprobar o texto e a formalización do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o *Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea. Edición 2013-2014* cunha achega provincial do **70.332,00 euros, (que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,79% sobre o orzamento para conferencias e seminarios e do 100% respecto das bolsas), que se imputará conforme o seguinte detalle:**

ANUALIDADE	OBXECTO	Aplicación Orzamentaria	ACHEGA
2014	Achega Progr. **CONFERENCIAS / SEMINARIOS Máster UE** (79,79% do Presuposto Subvencionado)	0111/323A/45390	7.500,00
	Prácticas dun/dunha bolseiro/a na **AREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E AMBIENTE (2014-2015)**	0520/323A/481	8.976,00
	Custos Segur. Social bolseiros	0710/211B/16000	0,00
2015	Prácticas de **3 Bolseiros** no **AREA DE ECONÓMICO, DESENVOLVEMENTO TURISMO E AMBIENTE (2015)**	0520/323A/481	26.928,00
	Custos Segur. Social bolseiros	0710/211B/16000	0,00
	Prácticas de **3 bolseiros CENTRO EUROPE DIRECT**. Edición 2013-2014	0111/491D/481	26.928,00
	Custos Segur. Social bolseiros	0710/211B/16000	0,00
TOTAL			**70.332,00**

2. Tendo en conta que, as prácticas se estenden os dous próximos exercicios orzamentarios, o pagamento no ano 2015 e no ano 2016, quedará condicionado á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos próximos exercicios

3. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO *"MÁSTER EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA", EDICIÓN 2013-2014*

A Coruña, ... de ..... do dous mil ……

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Doutra, D. Xosé Luís Armesto Barbeito, reitor magnifico da Universidade da Coruña (CIF Q6550005J).

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

O Instituto Universitario de Estudos Europeos "Salvador de Madariaga" (CIF Q6550005J), da Universidade da Coruña (IUEE, en adiante), ten como obxectivo favorecer a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e da investigación científica sobre os aspectos máis útiles da realidade internacional e europea, así como o ensino dos estudos internacionais e europeos, en particular os relativos á Unión Europea.

Este centro docente e investigador obtivo da Unión Europea o recoñecemento de Centro de excelencia Jean Monnet "Institución e Dereito da UE" (número de referencia 2013-3040/001-001). Os Centros de excelencia artellan a realización de actividades docentes e de difusión científica e social de temas da Unión Europea, sendo un trazo distintivo da súa maneira de actuar a apertura a outras institucións.

O IUEE colabora coa Facultade de Dereito da Universidade da Coruña nas actividades do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", que organiza a devandita facultade. A implantación deste posgrao, de carácter académico-investigador, foi aprobada polo Decreto da Consellaría de Educación núm. 51/2006, do 23 de marzo (DOG núm. 61, do 28 de marzo).

O Centro Europe Direct, da Deputación Provincial da Coruña (Centro ED, en adiante), pola súa banda, é un enlace europeo de información cuxo obxectivo é pór a información comunitaria a disposición dos concellos da provincia e dos cidadáns en xeral, a fin de responder as súas expectativas e achegalos á construción europea, así

como facilitar o acceso dos concellos as diversas fontes de financiamento comunitarias.

Xa que a finalidade común ás dúas institucións é a promoción do coñecemento dos temas comunitarios, considérase de especial interese colaborar para poder ofrecer a máis alta calidade docente e especialización práctica nesta materia, e favorecer a integración profesional dos alumnos do citado Máster, polo que as dúas institucións acordan establecer un convenio de colaboración consistente, por unha banda, na organización e financiamento de conferencias e/ou obradoiros en colaboración co Centro de excelencia "Jean Monnet - Institucións e Dereito da UE", da UDC, e por outra, nun programa de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña para alumnos que superasen o "***"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2013-2014***

Co obxectivo de desenvolver estes intereses compartidos, consideran conveniente formalizar o presente convenio con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

Os obxectivos do convenio son os seguintes:

* Reforzar a excelencia do labor docente e de difusión científica do Centro de excelencia "Jean Monnet - Institucións de Dereito da UE", coa intervención de especialistas de recoñecida competencia en temas técnicos, prácticos e de actualidade sobre o proceso de integración europea.

* Proporcionar experiencia práctica a alumnos do *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2013-2014*, en temas xurídicos e económicos europeos , mediante a realización de prácticas no Centro Europe Direct, e na Área Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente.

* Permitir á Deputación Provincial da Coruña e aos concellos da provincia contar con especialistas en temas xurídicos e económicos europeos capacitados para a elaboración e a xestión de proxectos de axudas.

* Toda outra actuación complementaria das anteriores e aceptada como de interese mutuo polas dúas institucións.

Con tal finalidade, as dúas partes comprométense a levar a cabo as seguintes actividades:

A) CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

A Deputación Provincial da Coruña concederá unha liña de axuda destinada ao financiamento de conferencias e/ou obradoiros.

A programación será aprobada polo IUEE "Salvador de Madariaga", coa conformidade da Deputación da Coruña, e darase finalmente o seu traslado á coordinación do *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2013-2014*

Nestas conferencias e/ou obradoiros intervirán profesores doutras universidades e profesionais de recoñecida competencia, tanto das distintas administracións públicas como de institucións privadas.

Estes especialistas terán a condición de "conferenciantes" e a súa intervención vincularase ás materias propias da Unión Europea.

As conferencias e/ou obradoiros desenvolveranse no marco das actividades do Centro de excelencia “Jean Monnet - Institucións de Dereito da UE”.

Na publicidade destas conferencias/obradoiros figurarán, xunto aos logos da Universidade da Coruña, do Centro de excelencia “Jean Monnet” e do IUEE “Salvador de Madariaga” o logo da Deputación Provincial da Coruña.

B) PROGRAMA DE BOLSAS EN PRÁCTICAS

Ofreceranse ata un máximo de:

- Tres bolsas en prácticas no Centro Europe Direct aos alumnos que superen o “*“Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, edición 2013-2014*,.
    - As tres bolsas terán unha duración de doce meses, cunha dotación de 748,00 euros/mes cada unha.
- Tres bolsas en prácticas na Área Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Aos alumnos que superen o *“Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, edición 2013-2014*
    - As tres bolsas terán unha duración de doce meses, cunha dotación de 748,00 euros/mes cada unha.

Os bolseiros en prácticas serán bolseiros da Deputación Provincial da Coruña. A Universidade da Coruña colaborará unicamente na súa selección.

A concesión das bolsas desenvolverase sobre a base das seguintes **DIRECTRICES:**

REQUISITOS DOS BOLSEIROS

- **Nacionalidade:** Posuír, con carácter preferente, a nacionalidade española ou a nacionalidade dalgún país membro da Unión Europea.
- **Cualificacións**: Ter superado o *“Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, edición 2013-2014*
- **Linguas:** Para sacar todo o proveito posible das prácticas e realizar ben as súas tarefas:
    - Os bolseiros deben ter un bo coñecemento, polo menos, de dúas linguas europeas, unha das cales debe ser unha das linguas de traballo da Comisión Europea (inglés, francés, alemán), aínda que se valorará especialmente o coñecemento do inglés.
    - Os coñecementos das linguas, distintas da lingua materna, mencionadas deberán ser acreditadas convenientemente (por exemplo, mediante títulos, certificados, probas de que se estudou a lingua en cuestión, etc.).
- Non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución como consecuencia dun expediente disciplinario.

SOLICITUDES

As persoas candidatas ás bolsas para a realización de prácticas de formación na Deputación Provincial da Coruña formularán as súas solicitudes no modelo normalizado que se facilitará no IUEE “Salvador de Madariaga”.

As solicitudes deberán estar acompañadas da seguinte documentación:

- Un currículo, acompañado de cantos documentos e certificacións poidan avalalo.

- Unha declaración xurada na que o alumno se compromete a renunciar, se for seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas.

- Unha declaración xurada de non estar separado do servizo de ningunha administración ou institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.

- Unha fotocopia do DNI/NIE ou do pasaporte.

- Certificación acreditativa de ter superado o *"Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea", edición 2013-2014*

As persoas candidatas deberán indicar nas súas solicitudes, aínda que non será excluínte, a súa prioridade para realizar as súas prácticas:

- no centro Europe Direct A Coruña

- na Area de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente

O prazo para a presentación das solicitudes será o que determine o IUEE "Salvador de Madariaga".

SELECCIÓN

A selección dos candidatos será realizada por dúas comisións de acordo co destino dos bolseiros:

- **Para os bolseiros de Europe Direct A Coruña:** unha comisión formada por dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, unha persoa representante do IUEE "Salvador de Madariaga" e unha persoa representante do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea".

- **Para os bolseiros da Area de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente:** unha comisión formada por dúas persoas representantes da Deputación Provincial da Coruña, unha persoa representante do IUEE "Salvador de Madariaga" e unha persoa representante do "Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea".

Alén do exame da documentación presentada, estas comisións poderán convocar aos solicitantes a unha entrevista persoal.

As comisións non valorarán aqueles méritos alegados polas persoas candidatas nas súas solicitudes que non estean acreditados documentalmente.

As comisións proporán ao presidente da Deputación Provincial da Coruña unha relación das persoas candidatas seleccionadas para o seu nomeamento, e engadirá as persoas suplentes que considerar oportuno.

No caso de que algún dos bolseiros, por calquera motivo, non poida iniciar ou non queira seguir prestando a súa colaboración, ou se a Deputación Provincial da Coruña decidise resolver a concesión dalgunha bolsa, o bolseiro será substituído pola seguinte persoa candidata na listaxe ou ben se procederá a seleccionar un novo bolseiro no prazo máximo de dez días.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento das súas bases e das súas condicións, que se recollen no presente convenio. O incumprimento por parte do bolseiro dalgunha delas, sen causa debidamente xustificada, suporá a perda da bolsa concedida e, se for o caso, o reintegro das cantidades que se percibisen.

As bolsas teñen unha finalidade formativa. A condición de bolseiro en ningún caso poderá considerarse ou dará lugar a relación laboral ou administrativa coa Deputación Provincial da Coruña.

DEREITOS E DEBERES DOS BOLSEIROS

1. ***Incorporación***

Os bolseiros incorporaranse no centro Europe Direct A Coruña ou na Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente da Deputación da Coruña, no prazo establecido na notificación da adxudicación da bolsa. O bolseiro que non se incorpore no prazo establecido perderá os dereitos inherentes á bolsa, agás por causa xustificada de atraso apreciada polo presidente da Deputación Provincial da Coruña.

2. Duración das prácticas

As bolsas en prácticas terán unha duración de doce meses. Porén, a duración inicial poderá ser obxecto de ampliación en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3. Lugar de desenvolvemento das prácticas

Os bolseiros realizarán a súa actividade nas dependencias da Deputación Provincial da Coruña ou, se fora o caso, en concellos da provincia conforme o determine o programa de traballo.

4. As prácticas

A súa actividade de prácticas formativas será dirixida e supervisada polos servizos administrativos correspondentes, da Deputación Provincial da Coruña.

Para cada persoa en prácticas, designarase un titor responsable. Un titor poderá ser titor de varias persoas en prácticas. O titor deberá guiar e acompañar a persoa baixo a súa responsabilidade durante as prácticas e ser o seu asesor. O titor deberá informar inmediatamente o director/a do servizo correspondente sobre calquera incidente significativo durante as prácticas (en particular, insuficiencias profesionais, ausencias, enfermidades, comportamentos inapropiados ou a interrupción das prácticas) que constatara ou que fora informado pola persoa en prácticas.

A persoa en prácticas debera cumprir as instrucións do seu titor, do seus superiores nos servizos correspondentes.

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a facilitar os medios materiais, técnicos e humanos que sexan precisos para a adecuada realización da formación práctica.

5. Confidencialidade

As persoas en prácticas deberán observar a maior discreción en relación cos feitos e a información dos que teñan coñecemento durante as súas prácticas. Non revelarán, en modo ningún, a persoas non autorizadas ningún documento ou información que aínda non fora feita pública. Quedarán vinculados por esta obriga incluso unha vez acabadas as súas prácticas.

As persoas en prácticas non deberán ter ningunha relación profesional con terceiros que sexa incompatible coas súas prácticas (por exemplo, non deben traballar con lobbies, etc). Se xurdise un conflito de intereses durante as prácticas, informarán inmediatamente diso por escrito ao seu titor/a e o seu director/a de servizo correspondente.

6. Dereitos de autor

No caso de que o bolseiro elabore ou colabore na realización dunha publicación, os dereitos do autor pertencerán integramente ao centro Europe Direct A Coruña ou servizo correspondente. A colaboración do bolseiro poderá recollerse no informe final das actividades realizadas durante o período de prácticas.

7. Ausencias

7.1. Vacacións

As persoas en prácticas deberán desenvolver xornada de traballo equivalente a 37 horas e media semanais e terán dereito aos días festivos oficiais correspondentes que haxa durante as súas prácticas.

Terán dereito a 22 días hábiles de vacacións por ano. Este dereito adquírese, ratéase dos meses traballados, a partir do primeiro día do mes. Os días de vacacións non tomados non darán lugar a unha indemnización substitutoria. Os días tomados para participar en calquera concurso, exame ou traballo universitario, etc. deduciranse deste dereito. As solicitudes de vacacións deberán respectar as necesidades do servizo correspondente. Deberán ser aprobadas, en primeiro lugar, polo titor e aprobadas, a continuación, polo director/a correspondente.

7.2. Ausencia en caso de enfermidade

No caso de enfermidade, as persoas en prácticas deberán avisar inmediatamente ao seu titor e, se a ausencia é superior a tres días, deberán presentar un parte de baixa médica oficial, que deberá remitirse ao Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial, no que se indique a duración probable da ausencia.

7.3. Ausencia inxustificada

Cando o interesado se ausente sen xustificación ou sen informar ao seu titor e ao seu director/a correspondente, o Servizo de Recursos Humanos poderá pedirlle por escrito que informe ao servizo no que realiza as prácticas no prazo dunha semana a partir da recepción desta comunicación escrita. A persoa en prácticas deberá entonces facilitar unha xustificación axeitada para a súa ausencia non autorizada. Estes días de ausencia deduciranse automaticamente dos días de vacacións aos que ten dereito. O presidente da Deputación, tras consultar o director/a correspondente, poderá decidir, tras examinar a xustificación aducida ou se non recibira xustificación ao termo do

prazo mencionado, pór fin ás prácticas sen preaviso. Deberá devolverse a Deputación provincial o importe da bolsa pagado en exceso.

8. Interrupción

En circunstancias excepcionais, previa petición escrita da persoa en prácticas e por motivos debidamente xustificados, o director/a do servizo correspondente poderá autorizar a interrupción das prácticas durante un período de tempo determinado. En tal caso, se suspenderá a bolsa e o seu beneficiario non terá dereito á dotación mensual correspondente e a cotización da seguridade social.

A persoa en prácticas poderá regresar para completar a parte non finalizada das prácticas, pero só ata o final do período de bolsas aprobado. Non será posible ningunha prolongación.

9. Resolución do período de prácticas

No caso de que a Deputación Provincial da Coruña estimara que un bolseiro non se adapta a ela ou non avanza adecuadamente no proceso de prácticas formativas, comunicarao ao IUEE "Salvador de Madariaga" e poderá resolver en calquera momento a concesión da bolsa, após a audiencia do bolseiro.

Se un bolseiro non quixer seguir prestando a súa colaboración nas actividades que son obxecto da bolsa, deberá comunicalo mediante un escrito motivado e dirixido ao presidente da Deputación da Coruña, que deberá ser presentado no rexistro da citada institución coa maior antelación posible antes de abandonar as súas actividades de formación e concluír a bolsa.

10. Informes e Certificados

Ao remataren as bolsas, os bolseiros realizarán unha memoria detallada das actividades que desenvolveren, que serán avaliadas pola Deputación Provincial da Coruña. En función da avaliación, a citada institución expedirá o oportuno certificado acreditativo, que fará referencia ao presente convenio e indicará as datas do período, a actividade desenvolvida e o servizo no que estiveron destinados.

11. Seguro dos bolseiros

Sen prexuízo do disposto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, que regula os termos e condicións da inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, que desenvolve a DA 3ª da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, a Deputación Provincial da Coruña incluirá aos bolseiros no seguro colectivo de accidentes e de responsabilidade civil para que poidan estar cubertos durante o período completo de prácticas.

12. Sancións e medidas disciplinarias

12. 1. Rendemento insuficiente

A raíz dunha solicitude xustificada presentada polo titor e aprobada polo director/a do servizo correspondente, poderase poñer termo ás prácticas se o rendemento profesional ou o coñecemento das linguas de traballo son insuficientes para a execución axeitada das tarefas encomendadas.

12.2. Declaracións erróneas

O director/a do servizo correspondente resérvase o dereito de poñer termo ás prácticas se, en calquera momento, se demostra que a persoa en prácticas

fixo, con coñecemento de causa, declaracións erróneas ou falsas, ou facilitou documentos falsos ao presentar a súa candidatura ou durante o período de prácticas.

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS DAS CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

O orzamento subvencionado está constituído polos gastos de desprazamento, axudas de custo e remuneracións dos especialistas que participen nas **conferencias e obradoiros sinalados no apartado A)** anteriormente citado, co seguinte detalle:

CONCEPTO	**IMPORTE**
Remuneracións	7.000,00
Axudas de custo	900,00
Desprazamentos	1.500,00
TOTAL	**9.400,00**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A) CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

1. A achega da Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento das conferencias e/ou obradoiros será de **7.500,00 €,** que supón o **79,79 %** do custo da actividade disposta, 9.400,00 €, segundo o orzamento subvencionado indicado na cláusula II.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,79 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/323A/45390, do orzamento xeral para 2014, segundo se indica no apartado C).

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

B) PROGRAMA DE BOLSAS EN PRÁCTICAS

1. A dotación para o programa de bolsas en prácticas no Centro Europe Direct (cláusula I.B) será de 26.928,00 €, que se distribúen en tres bolsas en prácticas de doce meses, a razón de 8.976,00 por bolsa anual.

2. A dotación para o programa de bolsas en prácticas na Área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente será de 26.928,00€ (cláusula IB), que se distribúen en tres bolsas en prácticas dunha duración de doce meses, prorrogables, a razón de 8.976,00€ por bolsa anual.

3. A Deputación Provincial da Coruña realizará o pagamento directamente a cada un dos bolseiros baixo o concepto "Bolsa en prácticas na Deputación Provincial da Coruña".

C) IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA

1. A imputación orzamentaria é a seguinte:

ANUALIDADE	PARTIDA	OBXECTO	ACHEGA
2014	0111/323A/45390	Achega para o Programa de conferencias/obradoiros do Máster UE (79,79 % do orzamento subvencionado)	7.500,00 €
	0520/323A/481	Prácticas na Área de Desenv.Ecón., Turismo e M.A.	8.976,00 €
2015	0111/491D/481	Prácticas no Centro Europe Direct, edición 2013-2014	26.928,00 €
	0520/323A/481	Prácticas na Área de Desenv. Ecón., Turismo e M.A.	26.928,00€
TOTAL			**70.332,00 €**

2. Para as anualidades futuras, advírtese a UNIVERSIDADE DA CORUÑA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á UNIVERSIDADE DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A UNIVERSIDADE DA CORUÑA fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación na documentación que derive da execución do Máster.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. O pagamento da achega provincial realizarase pola Deputación Provincial da Coruña a favor do IUEE "Salvador de Madariaga" (CIF Q6550005J), da Universidade da Coruña, na conta 0049/0007/23/2612071316 (Banco de Santander), baixo o concepto "Conferencias e obradoiros da Deputación provincial", unha vez rematadas as conferencias e obradoiros aos que se refire o apartado A) da cláusula I, e despois

do informe favorable dos servizos administrativos correspondentes, da Deputación da Coruña, así como da súa Intervención Xeral ao respecto da seguinte documentación:

a) **Certificación clasificada dos gastos realizados**, emitida polo órgano xestor competente da UDC, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

b) **Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos** polo órgano competente.

c) **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

d) **Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade**.

e) Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a presentación dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada no apartado anterior e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I.A, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A UDC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificados. Coa subscrición do presente convenio, a UDC autoriza á Deputación á obtención telemática das citadas certificacións.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dicoruna.es”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio estará vixente, con carácter retroactivo, dende o 1.09.2013 ata o 31.12.2016, sen prexuízo de que o período de formación práctica dos bolseiros do Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, edición 2013-2014,realizarase dende o terceiro trimestre de 2014 ata o primeiro trimestre de 2016 e, no caso de prórroga, ata o primeiro trimestre de 2017.

2.Previa solicitude da UDC, realizada antes do 31 de outubro de 2016, a vixencia do convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público. En todo caso, corresponderá ao presidente da Deputación á resolución de dúbidas interpretativas exportas**.**

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de ……do 201…

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadriplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,	O REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA,
Diego Calvo Pouso	Xosé Luís Armesto Barbeito

32.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE ARTEIXO.

I. INFRAESTRUTURAS. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS AO CONCELLO DE ARTEIXO

I.1.- Desafectar subxectivamente as infraestruturas -de titularidade provincial- adscritas a usos ou servizos públicos do Polígono de Sabón como trámite previo á cesión de titularidade (propiedade) destas ao Concello de Arteixo para a súa adscrición aos mesmos fins por parte do citado Concello e que se detallan a continuación.

I.2.-As infraestruturas de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), obxecto de cesión, comprenden os seguintes bens e servizos e as parcelas adscritas aos devanditos servizos:

REF. CATASTRAL	PARCELA	SUPERFICIE M2	USO
000100200PA05A0001QT	ENCORO ROSADOIRO	560.000	ENCORO ROSADOIRO
			BOMBEO ETAP
			BOMBEO AVDA. DA PRAIA (Nº 2)
			BOMBEO PROX. ETAP. Avda. Embalse (nº 1)
			PRESA E GALERIAS
			OBRA DE TOMA
			C.T.
0270607NH4906N0001KE (parcela 59 bis)	DEPOSITO DE AUGA	21.046	DEPOSITO DE AUGA
			CAMARA CHAVES
			ACCESO RODADO
0778602NH4907N0001LB	TANQUE TORMENTAS Situado na parcela nº1	1000	TANQUE TORMENTAS CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ACCESO RODADO

No anexo 1 ao presente expediente figura a situación e a ficha catastral de cada unha das parcelas. A parcela correspondente ao tanque de tormentas, situado na parcela nº1 cédese, unicamente, a superficie ocupada polo devandito tanque, o centro de transformación e os seus accesos rodados para mantemento e reparación, cunha superficie estimada de 1.000 m2. A tal fin levará a cabo o oportuno deslinde, previo informe dos servizos técnicos

Como anexo 2 ao presente expediente figuran así mesmo os planos.

I.3.- ZONAS VERDES:

As zonas verdes atópanse, principalmente, en ambas as dúas marxes do encoro de Rosadoiro. É obxecto tamén de cesión a "Ponte dos Brozos" cualificado no inventario como ben patrimonial.

I.4.- ABASTECEMENTO E SANEAMENTO:

I.4. A) ABASTECEMENTO

O abastecemento de auga consta da presa e o encoro de Rosadoiro, cunha concesión de 100 l/s de auga da ETAP e a súa estación de bombeo de residuais á nº2, o Depósito e a Rede de distribución do polígono coas súas acometidas.

A Deputación tamén transmite a concesión previa a correspondente autorización do organismo competente.

A prestación deste servizo e a aprobación das ordenanzas fiscais e os correspondentes regulamentos no seu caso, e a xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa que financia este servizo corresponderalle así mesmo ao Concello de Arteixo, polos pagamentos que se produzan a partir do 1 de xaneiro de 2015, nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

I.4.B).- SANEAMENTO:

A rede de saneamento definida no Plan director inclúe a parte correspondente ao Polígono das estacións de bombeo de Rañal e Sabón-Bens, xa xestionadas polo Concello de Arteixo, a estación de bombeo nº 2 na Avda. da Praia e a estación de bombeo nº 1 situada nas proximidades da ETAP, Avenida do Encoro, que pasa a xestionar o Concello en virtude deste convenio nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

A prestación deste servizo e a aprobación das ordenanzas fiscais e os correspondentes regulamentos no seu caso, e a xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa que financia este servizo corresponderalle así mesmo ao Concello de Arteixo, polos pagamentos que se produzan a partir do 1 de xaneiro de 2015, nos termos establecidos na Disposición adicional primeira do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

I.5.- Expor ao público o expediente de aprobación inicial da desafectación e o expediente de cesión de titularidade, condicionado este último á aprobación definitiva do expediente de desafectación, mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia cun prazo dun mes para os efectos de que se poidan presentar as reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas.

II. APROBACION DO EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL POR CAMBIO DE TITULARIDADE DA REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN

Aprobar a mutación demanial subxectiva da rede viaria do polígono de Sabón que pasa a ser de titularidade do Concello de Arteixo e que se describen a continuación.

VIARIOS:

A rede viaria principal do polígono articúlase ao redor de 6 viarios principais (denominados 1 a 6), da que derivan varios ramais secundarios (denominados 7 e 8, así como dous tramos da estrada da deputación DP-0504) e polos que se produce o acceso ás distintas parcelas.

O viarios obxecto da presente mutación demanial teñen as seguintes denominacións dentro do viario do Concello de Arteixo:

- O vial 1 é o denominado Avda. da Deputación, vial de dirección leste-oeste, que discorre entre a glorieta de Sabón e a avenida Figueroa que conecta coa DP-0514 a Caión. A glorieta de Sabón é o maior nó de conexión exterior do Polígono coa A-6 e AG-55, a AC-552 e a AC-415 A Coruña-Pastoriza.
- O vial 2 é o denominado Avda. da Praia, vial de dirección norte-sur que, partindo da glorieta de Sabón, discorre bordeando o encoro de Rosadoiro polo leste, dando acceso ás parcelas ao lado leste do polígono e aos núcleos de Rañobre, Suevos e á estrada de Bens.
- O vial 3, que é o de maior lonxitude, subdivídese en dous tramos, denominados Avda. de Arsenio Iglesias, tamén chamada travesía colexios e Avda. da Educación, entre a AC-552 e a conexión co vial 6, e Avda. da Prensa, desde o vial 6 ata o vial 4. Limita o polígono polo oeste.
- O vial 4 é o denominado Avda. do Embalse, vial de dirección norte-sur que, partindo do vial 1, discorre bordeando o encoro de Rosadoiro polo oeste e conecta co acceso ao Porto Exterior.
- O vial 5 é a denominado Avda. da Moda, e discorre entre o vial 1 e o 3.
- O vial 6, practicamente paralelo ao vial 3 e bordeando o río Arteixo polo leste, é subdivido en dous polo vial 1, denominados Avda. da Ponte, entre a AC-552 e o vial 1, e Avda. da Enerxía, ata o cruzamento co vial 3.
- Os viais 7 e 8 son viais secundarios que derivan do vial 2, Avda. da Praia, e dan acceso a distintas parcelas do leste do polígono.
- O vial DP-0504, ramal norte e sur.

Todo iso sen prexuízo do cumprimento dos trámites establecidos no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

III.- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE TITULARIDADE DE PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN: APROBACION INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACION E CESION DE TITULARIDADE DE PARCELAS DO POLIGONO DE SABON

III.1.-Aprobar inicialmente o expediente de desafectación das parcelas que se indican a continuación e que se indican no apartado III.4 (excepto a parcela nº 36 e parte da nº1 que xa teñen carácter patrimonial) que pasarán a cualificarse como patrimoniais para a súa posterior adscrición polo Concello aos usos que correspondan.

III.2.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión de titularidade (propiedade) das citadas parcelas ao Concello de Arteixo (incluída a parcela nº 36 e parte da nº1) e que se detallan no apartado III.4, condicionada a citada cesión á aprobación definitiva do expediente de desafectación

III.3.- Expor ao público o expediente de aprobación inicial da desafectación e o expediente de cesión de titularidade, condicionado este último á aprobación definitiva do expediente de desafectación, mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia cun prazo dun mes para os efectos de que se poidan presentar as reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas.

PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE CATASTRAL M2	VALOR CATASTRAL 2013	USO ACTUAL
30	9956708NH4905S0001YJ	11.002	18.871,53	Uso comunitario
33-b	9956707NH4905S0001BJ	11.380	1.463.994,04	CEIP
34	9956706NH3995N0001AP	16.486 (3.576 superficie construída, 12.910 superficie solo)	2.595.636,54	Uso deportivo
36	9956704NH3995N0001HP	9.381	1.206.830,23	Uso deportivo
37	9956703NH3995N0001UP	19.034	2.448.652,24	Uso deportivo
39	9956701NH3995N0001SP	8.343	1.073.295,45	Uso deportivo
59 bis	0270607NH4906N0001KE	21.046	1.147.248,90	Depósito de distribución
111	1278201NH4917N0001QQ	11.599	955.943,18	Uso deportivo
132	A: 1168601NH4917S0001DO B: 1168602NH4917S0001XO C: 1168603NH4917S0001IO	A: 9.916 B: 9.335 C: 8.417	A: 1.275.655,96 B: 1.200.912,51 C: 1.082.815,27	Uso deportivo

III.4. A relación de parcelas obxecto de cesión é a seguinte:
Acompáñase como anexo 2 o plano de planta xeral do estado final das parcelas
Así mesmo, a Deputación levará a cabo as actuacións necesarias para tramitar a cesión da parcela 101-A con referencia catastral 0771401NH4907S0001DT, superficie 7.545 m2 e valor catastral 621.828,72 € ao Concello de Arteixo e da parcela 129-C unha vez aclarada a correcta inscrición catastral.
Da parcela correspondente ao tanque de tormentas, (situado na parcela nº1) referencia catastral 0778602NH4907N0001LB cédese, unicamente, a superficie ocupada polo devandito tanque, o centro de transformación e os seus accesos rodados para mantemento e reparación cunha superficie estimada de 1.000 m2. Para tal fin, levará a cabo o oportuno deslinde, previo informe dos servizos técnicos.

A Deputación mantén a titularidade do resto da parcela nº 1, indicada no parágrafo anterior; a totalidade das parcelas nº2 e a nº 3.

III.5.-A cesión de titularidade das parcelas farase efectiva unha vez se aprobe definitivamente polo Pleno da Excma. Deputación da Coruña o expediente de alteración da cualificación xurídica das parcelas e da cesión.

III.6.- Ambas as dúas partes acordan deixar sen efecto os convenios de cesión de uso destas parcelas formalizados no seu día.

IV.-CONDICIÓNS DE CESIÓN
A cesión de titularidade suxéitase ás seguintes condicións:

1. Que as parcelas se dediquen a dotación pública destinada a equipamentos, debendo manterse o seu destino durante 30 anos. Se no período citado o Concello decidise por razóns de interese público, a desafectación dalgunha parcela e o seu posterior alleamento con arranxo

ao procedemento legalmente establecido, o importe íntegro da venda destinarase ás obras ou servizos que determinen de común acordo a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo, no Polígono Industrial de Sabón.

2. O Concello de Arteixo facilitará á Deputación o uso gratuíto das parcelas cedidas cuxa utilización fose compatible polo tempo necesario nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións. durante o prazo establecido no apartado 1
3. O Concello de Arteixo realizará os trámites e no seu caso, aboará os gastos derivados das correspondentes inscricións o inmatriculacións das citadas parcelas no Rexistro da Propiedade así como no Catastro. Así como calquera tributo ou cantidade que no seu caso puidese esixirse derivado de devandita cesión.
4. No non previsto expresamente nas condicións de cesión aplicarase o Regulamento de bens das entidades locais.

V. APROBACION DO PLAN DIRECTOR DE ACTUACIÓNS E O SEU FINANCIAMENTO

V.I.- Aprobar o Plan director de actuacións do Polígono de Sabón así como o seu financiamento.

PLAN DIRECTOR ACTUACIÓNS POLIGONO DE SABON						
Nº	**SERVIZO**	Nº	**ACTUACION**	**PEM**	**PBL**	**P TOTAL (IVE incluído)**
1.	**ABASTECEMENTO**			**2.060.873 €**	**2.452.439 €**	**2.967.451 €**
		1.1.	REPOSICION TUBAXE DE FIBROCEMENTO EN FUNDICION	197.325 €	234.817 €	284.128 €
		1.2.	FINALIZACION REDE INTERIOR POLIGONO AUGA POTABLE EN POLIETILENO	227.510 €	270.737 €	327.592 €
		1.3.	REDE CONTRAINCENDIO CON HIDRANTES	57.630 €	68.580 €	82.981 €
		1.4.	MELLORAS ETAP	1.578.408 €	1.878.306 €	2.272.750 €
2.	**SANEAMENTO**			**204.258 €**	**243.067 €**	**294.111 €**
		2.1.	REPOSICION TUBAXE DE FORMIGON EN PVC	93.318 €	111.048 €	134.369 €
		2.2.	MELLORAS BOMBEO Nº 1 y 2	97.500 €	116.025 €	140.390 €
		2.3.	CAMARAS DE DESCARGA AUTOMATICA EN ARRANQUE DE COLECTORES	13.440 €	15.994 €	19.352 €
3.	**ALUMEADO**			**364.500 €**	**433.755 €**	**524.844 €**
		3.1.	SUBSTITUCION LUMINARIAS A LEDS	364.500 €	433.755 €	524.844 €

4.	**--------**	**-----**	----------	**----------**	**----------**	**----------**
5.	**PAVIMENTOS**			**575.509 €**	**684.856 €**	**828.676 €**
		5.1.	REFORZO DE FIRME	575.509 €	684.856 €	828.676 €
6.	**ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES**			**589.062 €**	**700.983 €**	**848.190 €**
		6.1.	ADECUACION ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES	589.062 €	700.983 €	848.190 €
			TOTAL PLAN DIRECTOR	**3.794.202 €**	**4.515.100 €**	**5.463.271 €**

O financiamento provincial citado imputarase na súa totalidade á aplicación orzamentaria 04.00/151.A/762.01, do Orzamento provincial do exercicio 2014, para cuxo fin tramitará o crédito oportuno a través dun expediente de modificación de créditos.

V.II.- Ademais a Deputación financiará con cargo á anualidade 2014 as seguintes actuacións con cargo á aplicación 04.00/151.A/762.01

DENOMINACIÓN	**IMPORTE (IVE incluído)**
Mellora da captación de augas do encoro de Rosadoiro e da ETAP	300.000 €
Substitución de bombas dos bombeos de Rañal e Sabón-Bens	156.000 €
TOTAL	456.000 €

VI. APROBACION DO TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CESIÓN DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLÍGONO DE SABÓN:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Exma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón.

VII. APROBACIÓN DEFINITIVA

Todo iso condicionado á aprobación definitiva dos expedientes de desafectación e cesión e de modificación de créditos.

VIII. EXECUCIÓN DO PRESENTE ACORDO

Facultar ao presidente para a sinatura do presente convenio unha vez cumpridos os requisitos establecidos no apartado VII. Así como para executar todos os actos necesarios para o cumprimento do presente acordo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CESION DE INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E PARCELAS DO POLIGONO DE SABON

A Coruña, de 2014

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso.
E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo, Don José Carlos Calvelo Martínez.
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN
O Polígono de Sabón foi promovido pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar a instalación de industria pesada que podía ser atraída pola Refinería de Petróleo inaugurada en 1964.

Para iso, a Deputación provincial redactou o Plan de ordenación parcial do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e as súas ordenanzas que regulan o uso dos terreos incluídos neste Polígono que foi aprobados pola Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo o 30-10-1965 (BOP do 11-11-1965).

O investimento orzado foi de 200 millóns de pesetas, en dúas fases, a primeira de 130 millóns a cargo dun crédito do Banco de Crédito Local á Deputación provincial e a segunda financiouse con cargo á venda das parcelas industriais.

En 1966 levantáronse as actas previas á ocupación, redactáronse e aprobaron os proxectos de construción das infraestruturas e o 28 de outubro de 1966 adxudícanse as obras da primeira fase.

As primeiras empresas instálanse a principios dos anos 70, estando, nestes momentos, practicamente ocupado ao 100 %. E este polígono configúrase como un motor esencial no desenvolvemento da actividade industrial e económica, así como un eficaz instrumento dinamizador da creación de emprego na provincia.

A xestión do Polígono e dos seus servizos foron asumidos pola Deputación ata a data, en que, dado o gran desenvolvemento do Concello de Arteixo e no espírito de colaboración entre ambas as dúas administracións, o 5 de xuño de 2013, asinouse o Protocolo para a Definición, Coordinación e Programación das Actuacións para a Recepción, polo Concello de Arteixo, das Obras de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón propiedade da Deputación Provincial da Coruña".

A maior abundamento, a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local non establece como competencia propia a xestión e explotación, pola Deputación, dun polígono promovido, por causas extraordinarias e temporais, pola devandita administración.

Neste espírito, de colaboración entre administracións, perfeccionouse o Protocolo mediante a redacción dun Inventario e das Actuacións, que conforme á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, debíanse executar para adecuar os Servizos do Polígono á lexislación actual.

Canto ás obras de urbanización, o artigo 110 apartado 5 da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece:

"A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do plan rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas.
No caso de que a administración non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres meses, contados desde que se inste a recepción, bastará o ofrecemento formal da súa cesión pola persoa responsable da execución, para os efectos de entender recibidas as obras".

1.-OBXECTO:

1.1.- AMBITO

1.1.A.- O presente convenio ten por obxecto a cesión de titularidade (propiedade) das infraestruturas derivadas das obras de urbanización do Polígono Industrial de Sabón e adscritas ao uso ou servizo público ata agora xestionadas pola Deputación Provincial da Coruña e a súa entrega ao Concello de Arteixo e que se describen na cláusula 2ª.

1.1.B.-Así mesmo, tamén se inclúe no ámbito do presente convenio a cesión de titularidade (propiedade) de determinadas parcelas propiedade da Deputación Provincial da Coruña ao citado Concello e que se describen na cláusula 4ª do presente convenio.

1.1.C.- De igual modo inclúese no ámbito do presente convenio o financiamento de obras ou servizos no Polígono de Sabón nos termos previstos no presente convenio.

2.-INFRAESTRUTURAS, OBRAS E SERVIZOS OBXECTO DE CESION

2.1.-As infraestruturas de urbanización do Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), comprenden os seguintes bens e servizos e as parcelas adscritas aos devanditos servizos:

REF. CATASTRAL	PARCELA	SUPERFICIE M2	USO
000100200PA05A0001QT	ENCORO ROSADOIRO	560.000	ENCORO ROSADOIRO
			BOMBEO ETAP
			BOMBEO Avda. DA PRAIA (Nº 2)
			BOMBEO PROX. ETAP. Avda.

			Embalse (nº 1)
			PRESA E GALERIAS
			OBRA DE TOMA
			C.T.
0270607NH4906N0001KE (parcela 59 bis)	DEPOSITO DE AUGA	21.046	DEPOSITO DE AUGA
			CAMARA CHAVES
			ACCESO RODADO
0778602NH4907N0001LB	TANQUE TORMENTAS- Situado en parcela nº 1	1000	TANQUE TORMENTAS CENTRO DE TRANSFORMACIÓN ACCESO RODADO

No anexo 1 figura a situación e a ficha catastral de cada unha das parcelas. A parcela correspondente ao Tanque de tormentas, (situado na parcela nº 1) cédese, unicamente, a superficie ocupada polo devandito tanque, o centro de transformación e os seus accesos rodados para o mantemento e reparación cunha superficie estimada de 1.000 m2. Para tal fin, levará a cabo o oportuno deslinde, previo informe dos servizos técnicos
Como anexo 2 ao presente convenio figuran así mesmo os planos.

2.2 - REDE VIARIA:

2.2. A) VIAIS:

A rede viaria principal do polígono articúlase ao redor de 6 viais principais (denominados 1 a 6), da que derivan varios ramais secundarios (denominados 7 e 8, así como dous tramos da estrada da Deputación DP-0504) e polos que se produce o acceso ás distintas parcelas.
Os viais teñen denominacións dentro do viario do Concello de Arteixo:

- O vial 1 é o denominado Avda. da Deputación, vial de dirección leste-oeste, que discorre entre a glorieta de Sabón e a avenida Figueroa que conecta coa DP-0514 a Caión. A glorieta de Sabón é o maior nó de conexión exterior do Polígono coa A-6 e AG-55, a AC-552 e a AC-415 A Coruña-Pastoriza.
- O vial 2 é o denominado Avda. da Praia, vial de dirección norte-sur que, partindo da glorieta de Sabón, discorre bordeando o encoro de Rosadoiro polo leste, dando acceso ás parcelas ao lado leste do polígono e aos núcleos de Rañobre, Suevos e á estrada de Bens.
- O vial 3, que é o de maior lonxitude, subdivídese en dous tramos, denominados Avda. de Arsenio Iglesias, tamén chamada travesía colexios e Avda. da Educación, entre a AC-552 e a conexión co vial 6, e Avda. da Prensa, desde o vial 6 ata o vial 4. Limita o polígono polo oeste.

- O vial 4 é o denominado Avda. do Embalse, vial de dirección norte-sur que, partindo do vial 1, discorre bordeando o encoro de Rosadoiro polo oeste e conecta co acceso ao Porto Exterior.
- O vial 5 é a denominado Avda. da Moda, e discorre entre o vial 1 e o 3.
- O vial 6, practicamente paralelo ao vial 3 e bordeando o río Arteixo polo leste, é subdivido en dous polo vial 1, denominados Avda. da Ponte, entre a AC-552 e o vial 1, e Avda. da Enerxía, ata o cruzamento co vial 3.
- Os viais 7 e 8 son viais secundarios que derivan do vial 2, Avda. da Praia, e dan acceso a distintas parcelas do leste do polígono.
- O vial DP-0504, ramal norte e sur.

2.2.B) REDE DE PLUVIAIS:

Asociada á rede viaria e ás parcelas do Polígono.

2.2.C) REDE DE ILUMINACIÓN:

Asociada á rede viaria, cos seus centros de transformación.

2.2.D) ESPAZOS LIBRES:

A zona de espazos libres será a determinada nas normas de carácter xeral, legais ou regulamentarias, urbanísticas ou propias do Polígono Industrial de Sabón

2.3.- ZONAS VERDES:

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña

Diego Calvo Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS SOMOZAS

Juan Alonso Tembrás

37.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS SOMOZAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "ILUMINACIÓN PÚBLICA DENDE AC-110 A ACCESO AO POLÍGONO E OUTROS".

1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Somozas para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Somozas
DENOMINACIÓN DA OBRA	Iluminación pública dende AC-110 a acceso ao polígono e outros
PRESUPOSTO DO PROXECTO	99.542,59 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	79.634,07 €
ACHEGA DO CONCELLO	19.908,52 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/165A/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/165A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS SOMOZAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "ILUMINACIÓN PÚBLICA DENDE AC-110 A ACCESO AO POLÍGONO E OUTROS"

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello das Somozas, Juan Alonso Tembrás
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello das Somozas ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Somozas con CIF-P1508200A, para o financiamento da obra de "ILUMINACION **PÚBLICA DENDE AC-110 A ACCESO AO POLÍGONO E OUTROS"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	69.131,59
Gastos xerais (13%)	8.987,11
Beneficio industrial (6%)	4.147,90
IVE (21%)	17.275,99
Orzamento de contrata	99.542,59

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 79.634,07 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/165A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 5/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación

excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS SOMOZAS
Diego Calvo Pouso	Juan Alonso Tembrás

38.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE TRAVESÍAS DAS CASAS DE AREA E DAS RÚAS DO PILAR, HORACIO FERNÁNDEZ E DOUTOR CARREÑO", DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013 CO CÓDIGO 13.2100.0188.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2013, polo que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 e o seu Plan complementario.

Logo de aprobar o Concello de Cariño un proxecto modificado desta obra, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras modificadas do POS 2013, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 21 de decembro de 2012 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 248, do 31 de decembro de 2012

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Pavimentación da travesía das Casas da Área e das rúas do Pilar, Horacio Fernández e Doutor Carreño", do Concello de Cariño, incluída na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0188.0, que aínda que non supón un cambio substancial da obra, nin do seu obxecto ou finalidade, si implica un incremento de presuposto respecto do disposto no proxecto inicial

Pavimentación da travesía das Casas da Área e das rúas do Pilar, Horacio Fernández e Doutor Carreño, do Concello de Cariño, incluída no POS 2013 co código 2013.2100.0188.0						
Axentes cofinanciadores	***CONTRATA Proxecto inicial***	***CONTRATA Proxecto Reformado***	***DIFERENZA CONTRATA***	***ADXUDICACIÓN Proxecto inicial***	***ADXUDICACIÓN Proxecto Reformado***	***DIFERENZA ADXUDICACIÓN***
Deputación	***97.405,48***	***97.405,48***	***0,00***	***96.500,00***	***96.500,00***	***0,00***
Concello	***0,00***	***8.323,07***	***8.323,07***	***0,00***	***8.245,70***	***8.245,70***
TOTAL	***97.405,48***	***105.728,55***	***8.323,07***	***96.500,00***	***104.745,70***	***8.245,70***

39.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE PANDO, PARROQUIA DE TOREA" DO CONCELLO DE MUROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0108.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 28 de marzo de 2014 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Muros que se indica na seguinte táboa:

Concello Código da obra	***Denominación***	***Deputación F. propios***	***Concello***	***Orzamento Total***	***Condición que se ha realizar***
Muros 14.2100.0108.0	*"Camiño de Pando. Torea"*	*56.268,99*	*12.406,17*	*68.675,16*	*Acreditación da obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio*

Logo de presentar telematicamente o Concello de Muros un proxecto modificado desta obra, así como os correspondentes informes técnicos que acreditan a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do proxecto modificado desta obra despois da obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º Aprobar a modificación do proxecto da obra "Acondicionamento do camiño de Pando, parroquia de Torea" do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0108.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado disposto no proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Código da obra	***Concello***	***Denominación***	***Deputación F. propios***	***Concello***	***Orzamento Total***
14.2100.0108.0.*0*	*Muros*	"Camiño de Pando. Torea"	56.268,99	12.406,17	68.675,16

2º Considerar cumprida a condición á que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación do 28 de marzo de 2014, e aprobala definitivamente, toda

vez que o Concello de Muros presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento

3º Notificar telematicamente este acordo ao Concello de Muros para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2014”

40.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31/08/2014 E PROXECCIÓN A 31/12/2014.

Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/08/2014 e proxección a 31/12/2014.

41.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORDES.

Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ordes en relación coa seguinte materia:

- Recadación en voluntaria e executiva da taxa por reservas na vía pública para aparcamento exclusivo.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación polo Pleno da Corporación provincial, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto pola Deputación Provincial da Coruña."

42.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 5/2014.

Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 5/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 9.636.522,13 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):		**A.2) Baixas (fontes de financiamento):**	
CE. Créditos extraordinarios:	6.103.094,40	Remanente de tesourería:	9.531.032,43
SC. Suplemento créditos:	3.533.427,73	Baixas de crédito noutras aplicacións:	105.489,70
Total de aumentos:	**9.636.522,13**	**Total financiamento:**	**9.636.522,13**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos **B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	0,00
2. Gastos correntes	264.850,00	0,00
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	160.852,39	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	857.991,43	28.500,00
7. Transferencias de capital	8.352.828,31	76.989,70
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**9.636.522,13**	**105.489,70**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	9.531.032,43
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	**9.531.032,43**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar

cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos dispostos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos dispostos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos dispostos na normativa vixente.

MOCIÓN DO GRUPO DO BLOQUE NACIONALISTA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE A AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO E SEGURIDADE VIARIA NA DP 0402 ARES-CHANTEIRO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno da Corporación da Deputación da Coruña aprobou tecnicamente, en sesión ordinaria do 31 de xullo de 2009, os proxectos integrados no Programa de investimentos en vías provinciais (2009-2011), que a continuación se relacionan:

TÍTULO DO PROXECTO	**ORZAMENTO DA OBRA**
Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro. Fase I	1.162.622,57 €
Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na CP 0402 Ares-Chanteiro. Fase II	635.639,17 €
TOTAL	1.798.261,74 €

O 7 de abril de 2011 foi publicado o anuncio de expropiación para a execución das obras, ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro (Ares).

No Pleno do 29/06/2012, este grupo provincial manifestaba a súa preocupación pola situación na que se atopaba a estrada DP-0402 de Ares a Chanteiro e instaba ao grupo de goberno á execución do proxecto técnico aprobado en sesión plenaria do 31/07/2009 sobre *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro,* que contemplaba dúas fases e cun orzamento total de 1.798.261,74 €.

Cómpre recordar que esta estrada ten unha sección estreita, ata de menos de 5 metros nalgunhas zonas. Veñen existindo zonas con gran densidade de vivendas no que o tránsito peonil é intenso e moi perigoso por carecer de beirarrúas ao ter unha calzada estreita con gran intensidade de tráfico e con intersecciónS mal acondicionadas e perigosas. A maiores disto, nos últimos anos o tráfico experimentou un significativo crecemento, sobre todo en época estival, polo que se facía necesaria unha urxente mellora coas características presentadas no proxecto aprobado no 31/07/2009 coa fin de evitar o incremento da accidentalidade.

No Pleno da Deputación da Coruña do 21 de decembro de 2012 aprobouse a sexta fase do Plan de conservación de vías provinciais 2012 cun orzamento total de 355.425,52.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/60900, para a execución do proxecto *Reparación e reforzo da estrada DP 0402 Ares-Chanteiro* (Ares). un proxecto de simple reparación do firme existente, ao que o grupo provincial do BNG

manifestou o seu voto afirmativo polo pésimo estado do firme tras a realización dunha serie de obras de grande calado na zona, pero matizando naquel Pleno a urxente necesidade de ir contemplando nos sucesivos orzamentos provinciais a execución do proxecto orixinal, no que se contemplaba a ampliación do ancho da estrada, construción de beirarrúas e outras actuacións moi necesarias e demandadas pola veciñanza e que viñan cubrir as necesidades de mellora da seguridade da dita vía de comunicación.

Por outra parte, no mes de novembro de 2013, máis de 700 veciñas e veciños presentaron pregos coas súas sinaturas demandando a urxente execución do proxecto orixinal de *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro* ante o Concello de Ares e a propia Deputación.

Á vista da aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio 2014 e logo de comprobar que o proxecto de *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro, fase I* non contaba nin entre as prioridades do goberno da Deputación nin con partida orzamentaria específica para a súa urxente execución, no Pleno da Deputación do 26 de decembro debatéronse dúas reclamacións ao orzamento xeral da Deputación da Coruña, aprobado inicialmente o 22 de novembro e anunciado no BOP nº 224, luns 25 de novembro, solicitando que nos orzamentos para ano 2014 se recollese o proxecto de *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro, fase I* (*orzado en 1.212.735,62* €), na listaxe de obras Plan VIP Prioritarias do anexo de investimentos e se consignase o crédito orzamentario necesario para a execución urxente deste proxecto, sendo rexeitas ambas as dúas reclamacións.

Por todo isto, o grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Deputación da Coruña a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que a Deputación da Coruña axilice a declaración de urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a realización da obra *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro,*

2. Que a Deputación da Coruña licite, con cargo ao exercicio 2014 ou, de ser preciso, consignando unha partida específica no orzamento inicial do exercicio 2015, a 1ª fase do proxecto de *Ampliación e mellora de trazado e seguridade viaria na DP 0402 Ares-Chanteiro, orzado en 1.212.735,62* €.